estudo do

mercado laboral

galicia

2012

XUNTA DE GALICIA

Observatorio Ocupacional
Instituto Galego das Cualificacións
Dirección Xeral de Emprego e Formación
Consellería de Traballo e Benestar
Xunta de Galicia

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 1

1.1.- CONTIDO, METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN 2

1.1.1. Perfil sociodemográfico 2

1.1.2. Tecido produtivo 2

1.1.3. Paro rexistrado 3

1.1.4. Contratos 4

1.1.5. Formación ocupacional 4

1.2.- DEFINICIÓNS E TAXAS 4

2. ANÁLISE DO MERCADO LABORAL 7

2.1. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO 7

2.1.1. Poboación 7

2.1.2. EPA (Enquisa de poboación activa) 10

2.2. TECIDO PRODUTIVO 13

2.2.1. Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Ano 2012 13

2.2.2. Evolución do número de empresas 14

2.2.3. Evolución do número de traballadores 15

2.2.4. Evolución do número de autónomos 16

2.2.5. Evolución do número de empresas por sectores 17

2.2.6. Evolución do número de traballadores por sectores 18

2.2.7. Evolución do número de autónomos por sectores 19

2.3. PARO REXISTRADO 20

2.3.1. Parados rexistrados por xénero 20

2.3.2. Parados rexistrados por provincia 21

2.3.3. Evolución anual do paro rexistrado 22

2.3.4. Evolución mensual do paro rexistrado 23

2.3.5. Parados rexistrados por idade e xénero 25

2.3.6. Evolución anual dos parados rexistrados por idade 26

2.3.7. Parados rexistrados por nivel formativo 27

2.3.8. Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo 28

2.3.9. Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda 29

2.3.10. Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda 30

2.3.11. Parados rexistrados por sector económico de procedencia 31

2.3.12. Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia 32

2.3.13. Parados rexistrados por gran grupo de ocupación 33

2.3.14. Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación 34

2.3.15. As dez ocupacións máis demandadas 34

2.3.16. Perfil tipo do demandante parado en Galicia[1] 35

2.3.17. Perfil tipo da demandante parada en Galicia[1] 35

2.4. CONTRATOS 36

2.4.1. Contratos realizados por xénero ... 36
2.4.2. Contratos realizados por provincia ... 37
2.4.3. Evolución anual do número de contratos por xénero ... 38
2.4.4. Evolución mensual do número de contratos ... 39
2.4.5. Evolución mensual dos demandantes parados e contratados ... 40
2.4.6. Contratos por idade e xénero ... 41
2.4.7. Evolución anual da contratación por idade ... 42
2.4.8. Contratos por nivel formativo ... 43
2.4.9. Evolución anual da contratación por nivel formativo ... 44
2.4.10. Contratos por tipoloxía ... 45
2.4.11. Evolución anual da contratación por tipoloxía ... 46
2.4.12. Índice de rotación ... 47
2.4.13. Mobilidade dos contratos por xénero en Galicia ... 48
2.4.14. Contratos por sector económico ... 49
2.4.15. Evolución anual da contratación por sector económico ... 50
2.4.16. Contratos por gran grupo de ocupación ... 51
2.4.17. Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación ... 52
2.4.18. As dez ocupacións máis contratadas ... 53
2.4.19. Perfil tipo do contratado en Galicia[1] ... 54
2.4.20. Perfil tipo da contratada en Galicia[1] ... 54
2.5. FORMACIÓN ... 55
2.5.1. Número de cursos para desempregados que se impartiron en Galicia no ano 2012 ... 55
2.5.2. Cursos impartidos por familia profesional e provincia ... 57
2.5.3. Alumnos formados por familia profesional ... 59
2.5.4. Alumnos formados por idade ... 61

3. COLECTIVOS ... 63

3.1. MULLERES ... 63
3.1.1. Datos demográficos ... 63
3.1.2. EPA (Enquisa de poboación activa) ... 65
3.1.3. Afiliación ... 66
3.1.4. Demandantes paradas ... 70
3.1.5. Contratación ... 73
3.2. MENORES DE 30 ANOS ... 75
3.2.1. Datos demográficos ... 75
3.2.2. EPA (Enquisa de poboación activa) ... 78
3.2.3. Afiliacións ... 79
3.2.4. Demandantes parados menores de 30 anos ... 83
Contratación a menores de 30 anos ... 93
3.3. MAIORES DE 54 ANOS ... 102
3.3.1. Datos demográficos ... 102
3.3.2. EPA (Enquisa de poboación activa) ... 105
3.3.3. Afiliacións ... 106
3.3.4. Demandantes parados maiores de 54 anos ... 110
3.3.5. Contratación a maiores de 54 anos ... 119
3.4. TRABALLADORES ESTRANXEIROS ... 128
3.4.1. Datos demográficos ... 128

3.4.2. EPA (Enquisa de poboación activa) ... 132
3.4.3. Afiliacións ... 134
3.4.4. Demandantes parados ... 138
3.4.5. Contratación de estranxeiros ... 144

4. CONCLUSIÓNS ... 155

4.1. DEMOGRAFÍA ... 155
4.2. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO ... 155
4.3. TECIDO PRODUTIVO ... 156
4.4. PARO REXISTRADO ... 156
4.5. CONTRATOS ... 158
4.6. FORMACIÓN ... 160

1. INTRODUCIÓN

O Instituto Galego das Cualificacións está adscrito á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Traballo e Benestar, segundo queda establecido no Decreto 109/2012, do 22 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

O Instituto Galego das Cualificacións conta con dúas unidades con nivel orgánico de servizo: o Servizo de Observatorio Ocupacional e o Servizo de Deseño e Acreditación das Cualificacións.

No ámbito da observación ocupacional, o instituto ten encomendadas, entre outras, a función de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para o deseño das políticas de formación profesional. Así mesmo, pretende achegar datos de referencia que sirvan para encadrar as características propias do noso mercado laboral nun contexto máis amplo que ilustre sobre as tendencias fundamentais cara ao futuro. Con esta perspectiva, planeouse esta análise da realidade laboral de Galicia que anualmente reflicte os datos máis salientables do noso tecido produtivo e a situación laboral dos seus principais actores.

O *Estudo do mercado laboral, Galicia 2012* é unha publicación comprendida dentro dunha serie iniciada no ano 2004, e segue un esquema semellante ao realizado en períodos precedentes co fin de darlle unha continuidade a estes informes elaborados con carácter anual, analizando e proporcionando información sobre as estruturas ocupacionais e a súa evolución, para adaptar as cualificacións profesionais ás necesidades do mercado de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non cabe dúbida de que tanto os organismos como as entidades implicadas nas tarefas de deseñar e desenvolver actuacións de emprego e formación na nosa comunidade autónoma necesitan dispoñer de estudos que lles faciliten coñecementos sobre a estrutura e o comportamento do mercado de traballo galego.

Con ese propósito, elabórase este informe, que confiamos en que constitúa un instrumento de consulta para todas aquelas persoas, profesionais ou non do ámbito laboral, que desexen acceder a unha información que nos achegue o coñecemento das características do noso contorno e a realidade do mercado de traballo en Galicia, a través da análise das principais variables que determinan o mercado de traballo, é dicir, do tecido empresarial e laboral, da demanda e da contratación, e tamén a formación a desempregados.

Introducimos tamén uns puntos cos principais trazos que caracterizan a situación laboral dos colectivos mulleres, mozos menores de 30 anos, maiores de 54 anos e estranxeiros.

Os obxectivos fundamentais que se pretenden acadar con esta publicación son os seguintes.

- Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral da Comunidade autónoma galega, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo.
- Mostrar a evolución temporal dos últimos cinco anos dos distintos parámetros seleccionados segundo a súa idoneidade en cada caso.

Estes dous obxectivos concretos pódense agrupar nunha pretensión xeral, que é a de *informar acerca da realidade sociolaboral galega, desde a valoración que se pode extraer do Servizo Público de*

Emprego da nosa comunidade autónoma, para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.

1.1.- CONTIDO, METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN

O informe contén unha análise descritiva dos seguintes cinco bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, o paro, os contratos e a formación ocupacional. A información presentada en cada un destes bloques é o resultado dun traballo de análise da explotación de datos, ademais dunha definición previa para determinar o tipo de categorías máis significativas para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- A determinación das variables máis axeitadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.
- A explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

Nos seguintes puntos exponse unha descrición do contido de cada un dos bloques temáticos, detallando para cada un deles as bases de datos utilizadas e a metodoloxía aplicada.

1.1.1. Perfil sociodemográfico

Neste bloque óptase por facer unha primeira aproximación aos datos de poboación activa, parada e ocupada do ano 2012, debido a que tanto os datos para a nosa comunidade autónoma como as definicións e a metodoloxía están contidas na Enquisa de poboación activa (EPA) que publica o Instituto Galego de Estatística.

1.1.2. Tecido produtivo

Neste punto resúmense os datos cuantitativos das principais variables que conforman o tecido produtivo galego: empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos, na actualidade e ao longo dos últimos cinco anos. A información utilizada neste estudo orixínase a partir da base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos), e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego, porque ademais considera a totalidade dos sectores económicos e porque tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos.

Os datos ofrécense a través de táboas e gráficos estruturados segundo dúas epígrafes: unha dedicada á situación actual das citadas variables e outra sobre a súa evolución nos cinco últimos anos.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer inflada debido á posibilidade de converxer varias contas nunha mesma empresa. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por distintos motivos: por ter sedes en diferentes territorios, aparecendo neste caso unha conta de cotización por territorio; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais, pois, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgunhas empresas os que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas de forma esporádica.

Finalmente, convén sinalar que, debido á configuración especial dos datos referentes aos traballadores na base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, houbo que agrupar, baixo a epígrafe de "traballadores", os datos dos traballadores do réxime xeral da Seguridade Social, do réxime especial agrícola por conta allea, do mar por conta allea, do carbón, empregados de fogar continuos, os traballadores por conta propia agrícolas, os traballadores por conta propia do mar e os empregados de fogar descontinuos. Así, os autónomos inclúen só os traballadores pertencentes a este réxime especial.

1.1.3. Paro rexistrado

O estudo do paro rexistrado do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos parados de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de parados existente en Galicia co propósito de indagar os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

O colectivo de parados refírese exclusivamente a todas as persoas de 16 e máis anos que se atopan sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego, e enténdese por paro rexistrado o total da demanda de emprego en alta rexistrada polo Servizo Público de Emprego existente o último día de cada mes, excluíndo a correspondente a situacións laborais descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado.

Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

A información utilizada no estudo do paro provén das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, e a súa análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros.

Por outra banda, a información da demanda completouse con datos evolutivos para posibilitar a comparación temporal destes.

1.1.4. Contratos

O estudo dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da comunidade autónoma durante o ano 2012, utilizando para a súa análise a base de datos que lle serve de soporte á sección de contratos das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un aspecto importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa comunidade autónoma. Esta caracterización inclúe distintos apartados con valoracións das evolucións anuais do ano 2008 ao 2012.

1.1.5. Formación ocupacional

A análise da formación ocupacional, utilizando para o seu estudo a base de datos do Sistema de Formación Ocupacional da Consellería de Traballo e Benestar, ofrece o número de cursos impartidos, nas accións formativas para desempregados, e o de alumnos formados no ano 2012, por familias profesionais e por provincias, o que nos daría unha mostra das familias profesionais en que maior formación se recibe e o ámbito territorial onde esta se imparte.

1.2.- DEFINICIÓNS E TAXAS

Poboación economicamente activa: é o conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción. A poboación economicamente activa divídese en ocupada e parada.

Inactivos: a poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia, entre as que se atopan principalmente os estudantes, persoas que se ocupan do seu fogar, xubilados ou prexubilados, pensionistas, incapacitados para traballar ou outras situacións semellantes.

Ocupados: son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.

Parados: considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:

- Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.
- Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente.

Taxa de actividade: é o cociente entre o número total de activos e a poboación total.

Taxa de paro: é o cociente entre o número de parados e o de activos.

Taxa de ocupación: representa a porcentaxe das persoas con emprego sobre a poboación en idade laboral.

As **taxas** utilizadas nos diferentes puntos do estudo do mercado laboral son as seguintes:

- Variación interanual: é igual ao número de contratos do ano x menos as do ano anterior x-1, dividido polo número de contratos do x-1 e multiplicado por 100. É dicir, a variación entre os anos 10-11 obteríase do seguinte xeito[1]:

$$\%\ \text{Var. interanual}_{11\text{-}12} = {C_{12} - C_{11}}/{C_{11}} \times 100$$

Calcularíamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

- Variación media anual: obtense da fórmula do xuro composto. Se lle chamamos C2011 e C2009 ao número de contratos nos anos 2011 e 2009, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte[2]:

$$\%\ \text{VMA} = \left(\sqrt[2]{C_{2011}/C_{2009}} - 1\right) \times 100$$

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos cales se pretende calcular a media, neste caso 3 -1 = 2, o que implica unha *raíz cadrada*)

Obteriamos desta forma o crecemento medio acadado nos tres anos estudados[3].

[1] Cando os datos referentes ao primeiro ano son iguais a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

[2] Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

[3] Os exemplos citados fan referencia á parte dos contratos, aínda que serían igualmente válidos para explicar os diferentes puntos do estudo. Só deberiamos ter en conta que, ao tratar cinco anos de análise, a variación media se calcularía como unha raíz cuarta.

CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA:

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase na CNAE-09.

Nalgúns apartados aparecen táboas co CNAE-09 estruturado cun nivel consistente en rúbricas identificadas mediante un código numérico de dúas cifras e noutros as actividades do CNAE-09 agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión de táboas e gráficos.

2. ANÁLISE DO MERCADO LABORAL

2.1. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

2.1.1. Poboación

Cos datos oficiais do Padrón Municipal de Habitantes do día 1 de xaneiro de 2012, a poboación total de Galicia ascendía a 2.781.498 persoas, cifra que representa o 5,88% do total da poboación do Estado. Por sexo, o peso do colectivo feminino é lixeiramente superior ao masculino, tanto en Galicia, como no conxunto do Estado. Se atendemos a evolución interanual da poboación, a cifra de residentes na nosa comunidade reduciuse en 13.924 persoas, (arredor do -0,50%). Polo contrario, no Estado houbo un incremento do 0,16%.

	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
GALICIA	1.343.328	1.438.170	2.781.498	48,30	51,70
ESPAÑA	23.298.356	23.966.965	47.265.321	49,29	50,71

Fonte: INE: Padrón Municipal de habitantes

En canto á poboación estranxeira que residía en Galicia era de 112.183 persoas (o que supoñía o 4,03% do total da poboación), das cales 56.865 eran homes e 55.315 mulleres, o que contrasta tanto con Galicia como con España onde, como constatamos, as mulleres son maioría.

O comportamento deste colectivo, respecto ao ano pasado foi un aumento de 1.715 persoas, o que se ben nos confirma, polo de agora, un aumento continuado do número de residentes deste colectivo, o cal contribuíu a que a poboación total aumentase (aínda que fose lixeiramente), ata o ano anterior. Sen embargo, non evitou o descenso da poboación total da nosa comunidade durante o último ano.

A poboación por xénero e grupos quinquenais de idade. Ano 2012. Galicia

	Total	Homes	Mulleres
Total	2.781.498	1.343.328	1.438.170
0-4	111.715	57.798	53.917
5-9	110.178	56.633	53.545
10-14	104.718	54.014	50.704
15-19	111.623	57.312	54.311
20-24	132.739	67.507	65.232
25-29	165.659	83.854	81.805
30-34	216.305	109.477	106.828
35-39	227.834	114.516	113.318
40-44	216.555	108.060	108.495
45-49	204.322	100.999	103.323
50-54	197.671	97.613	100.058
55-59	177.776	87.380	90.396
60-64	168.524	81.679	86.845
65-69	161.799	76.363	85.436
70-74	126.187	57.046	69.141
75-79	144.951	61.439	83.512
80-84	106.256	41.332	64.924
85 e máis	96.686	30.306	66.380

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes. Extraído de http://www.ine.es

Os datos que ilustra a táboa anterior recollen una situación moi semellante á dos anos precedentes; nacen máis nenos que nenas superando os homes ás mulleres ata a idade de 40 anos, proporción que se inverte a partir de aquí, sendo a diferenza moi destacable nas idades máis avanzadas, chegando incluso as mulleres a duplicar o número de homes nos últimos tramos de idade.

En canto á estrutura por idades, o grupo de idade maioritario e o tramo de 35 a 39 anos.



Como consecuencia dos datos anteriores, a pirámide de idade presenta unha silueta moi parecida á dos anos anteriores. Concentra a maior parte da poboación nas idades centrais cunha base moi estreita o que nos está a indicar que a proporción de nenos que nacen na nosa comunidade é moi baixa. Pola contra, a poboación que conta con máis de 65 anos ten un peso demográfico moi importante (especialmente, o colectivo feminino, xa que a muller chega a idades máis avanzadas), o que fai que Galicia presente un dos niveis máis altos de envellecemento.

2.1.2. EPA (Enquisa de poboación activa)

A continuación amósanse as características da Enquisa de poboación activa elaborada polo INE (poboación activa, parada e ocupada). Hai que ter en conta que a EPA proporciona estimacións a partir dunha enquisa, e polo tanto, non se trata de datos exactos.

Taxas de actividade, ocupacións e paro por xénero. Galicia

	Taxa de actividade			Taxa de paro			Taxa de emprego		
	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
2013TI	54,56	60,65	49,01	22,35	22,44	22,25	42,37	47,04	38,11
2012TIV	55,22	61,2	49,75	21,28	21,4	21,15	43,46	48,11	39,23
2012TIII	55,49	61,75	49,76	20,13	20,39	19,83	44,32	49,16	39,9
2012TII	55,36	61,83	49,45	21,07	21,78	20,25	43,7	48,36	39,44
2012TI	55,51	61,73	49,83	20,18	19,85	20,55	44,31	49,48	39,58
2011TIV	55,33	61,48	49,72	18,3	17,6	19,09	45,21	50,66	40,23
2011TIII	55,27	61,85	49,26	17,25	16,32	18,31	45,74	51,75	40,24
2011TII	55,14	61,65	49,19	16,75	15,95	17,66	45,9	51,81	40,5
2011TI	54,91	61,64	48,77	17,33	16,68	18,08	45,4	51,36	39,95

Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Metodoloxía EPA 2005

Taxas de actividade, ocupacións e paro por xénero. España

	Taxa de actividade			Taxa de paro			Taxa de emprego		
	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
2013TI	59,68	66,31	53,39	27,16	26,78	27,61	43,47	48,55	38,65
2012TIV	59,8	66,52	53,42	26,02	25,58	26,55	44,24	49,51	39,24
2012TIII	60,12	67,18	53,41	25,02	24,68	25,41	45,08	50,6	39,84
2012TII	60,08	67,15	53,35	24,63	24,57	24,71	45,28	50,65	40,17
2012TI	59,94	66,86	53,35	24,44	24,09	24,86	45,29	50,75	40,09
2011TIV	59,94	67,3	52,93	22,85	22,46	23,32	46,24	52,18	40,58
2011TIII	60,11	67,64	52,93	21,52	21,04	22,1	47,17	53,41	41,23
2011TII	60,12	67,44	53,14	20,89	20,58	21,27	47,56	53,56	41,84
2011TI	59,88	67,43	52,67	21,29	20,76	21,94	47,13	53,43	41,11

Fonte: INE. Enquisa de poboación activa. Metodoloxía EPA 2005

- **A taxa de actividade** de Galicia no primeiro trimestre de 2013 foi do 54,56%, case un punto menos respecto ao mesmo período do ano anterior. Se temos en conta a variable sexo, a taxa de actividade masculina é maior que a feminina en 11,64 puntos. É este colectivo tamén o que presenta o descenso máis notable, 1,08 puntos mentres que a taxa de actividade feminina só o fixo en 0,82 puntos.
  No Estado a taxa de actividade foi de 59,68 o que a sitúa en 5,12 puntos por riba da galega. Por outra parte, tamén no Estado esta taxa descendeu en 0,26 centésimas, respecto ao ano anterior. Por xénero, a taxa de actividade masculina foi do 66,31% mentres que a feminina foi do 53,39%, (porcentaxes por encima dos galegos) o que significaba que a taxa de actividade masculina é superior á feminina en 12,92 puntos.

- **A taxa de paro** aumentou en case todos os trimestres do ano 2012 e no primeiro do 2013, finalizando o ano 2012 cun 21,28% de paro e empezando o 2013 cun 22,35%, sendo o aumento interanual de 2,27 puntos. Por sexo, a taxa de paro masculina era de 22,44% e a feminina de 22,25% no primeiro trimestre do 2013 o que situaba aos homes como o colectivo con máis paro, feito que se mantivo ao longo do último ano.
  Se comparamos as taxas de paro de Galicia coas de España, tal e como acontecía en anos anteriores, as cifras saen favorables á nosa comunidade, situándose a taxa do Estado en 27,16%, é dicir, 4,81 puntos por riba da de Galicia. O mesmo acontece se a análise se fai por sexo, xa que a taxa de paro masculina foi do 26,78% e a feminina de 27,61%. Producíndose en España, a diferenza de Galicia, unha taxa de paro feminina superior á masculina de case 1 punto.

- **A taxa de emprego** de Galicia mantivo un ritmo de decrecemento continuo, con poucas excepcións, quedando no primeiro trimestre do 2013 no 42,37%, sendo o descenso interanual de case 2 puntos. Por sexo, a taxa de emprego masculina foi de 47,04% , 8,93 puntos por encima da feminina; tamén por sexo o crecemento foi irregular ao longo dos últimos trimestres pero se atendemos a variación interanual, esta foi negativa para ambos os dous sexos, así no caso dos homes a diminución foi de 2,44 puntos e no das mulleres foi de 1,47 puntos.
  Se comparamos os datos co conxunto do Estado, vemos que a taxa de emprego estatal está algo máis de 1 punto por encima da galega, tanto no total, como por sexos, situándose en 43,47% para o total, 48,55% para a taxa de emprego masculina e 38,65% para a feminina.
  Por outra parte, a taxa de emprego de España mantén un ritmo de decrecemento ao longo dos últimos trimestres, o que produce que a variación interanual tamén sexa negativa descendo en torno a 2 puntos en todos os casos.


Taxa de actividade
Galicia
España
59,88
60,12
60,11
59,94
59,94
60,08
60,12
59,8
59,68
54,91
55,14
55,27
55,33
55,51
55,36
55,49
55,22
54,56
2011TI
2011TII
2011TIII
2011TIV
2012TI
2012TII
2012TIII
2012TIV
2013TI


Taxa de paro
Galicia
España
21,29
20,89
21,52
22,85
24,44
24,63
25,02
26,02
27,16
17,33
16,75
17,25
18,3
20,18
21,07
20,13
21,28
22,35
2011TI
2011TII
2011TIII
2011TIV
2012TI
2012TII
2012TIII
2012TIV
2013TI


Taxa de emprego
Galicia
España
47,13
47,56
47,17
46,24
45,29
45,28
45,08
44,24
43,47
45,4
45,9
45,74
45,21
44,31
43,7
44,32
43,46
42,37
2011TI
2011TII
2011TIII
2011TIV
2012TI
2012TII
2012TIII
2012TIV
2013TI

2.2. TECIDO PRODUTIVO

2.2.1. Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Ano 2012

	Autónomos	%	Empresas	%	Traballadores	%
A CORUÑA	85.758	39,99	52.724	40,77	306.161	43,48
LUGO	36.969	17,24	17.572	13,59	79.349	11,27
OURENSE	25.920	12,09	15.311	11,84	72.623	10,31
PONTEVEDRA	65.793	30,68	43.715	33,80	245.991	34,94
TOTAL	214.440	100	129.322	100	704.124	100

Se atendemos aos datos da táboa anterior, observamos que o tecido produtivo de Galicia mantén un comportamento inalterable ao do ano anterior. A metade occidental de Galicia, que se corresponde coas provincias da Coruña e de Pontevedra concentran aproximadamente as tres cuartas partes do volume total, tanto das empresas como dos traballadores e dos autónomos.



2.2.2. Evolución do número de empresas

	2008	2009	2010	2011	2012	2009	%	2010	%	2011	%	2012	%	V.M. anual
A CORUÑA	47.005	45.361	44.768	44.039	52.724	-1.644	-3,50	-593	-1,31	-729	-1,63	8.685	19,72	2,91
LUGO	15.522	15.217	14.930	14.565	17.572	-305	-1,96	-287	-1,89	-365	-2,44	3.007	20,65	3,15
OURENSE	13.476	13.212	13.123	12.835	15.311	-264	-1,96	-89	-0,67	-288	-2,19	2.476	19,29	3,24
PONTEVEDRA	42.690	40.564	39.799	38.842	43.715	-2.126	-4,98	-765	-1,89	-957	-2,40	4.873	12,55	0,59
TOTAL	118.693	114.354	112.620	110.281	129.322	-4.339	-3,66	-1.734	-1,52	-2.339	-2,08	19.041	17,27	2,17

Se atendemos á evolución do número de empresas, vemos como as catro provincias experimentaron unha diminución continua dende o ano 2009 ata o 2011, pero no ano 2012 observamos un aumento moi destacado do número de empresas. A explicación a este incremento tan acusado das empresas hai que enmarcalo nos cambios producidos na Seguridade Social, onde a partir de xaneiro de 2012 o réxime especial de empregados do fogar se integrou no réxime xeral.



2.2.3. Evolución do número de traballadores

	2008	2009	2010	2011	2012	2009	%	2010	%	2011	%	2012	%	V.M. anual
A CORUÑA	342.841	333.815	330.093	320.098	306.161	-9.026	-2,63	-3.722	-1,11	-9.995	-3,03	-13.937	-4,35	-2,79
LUGO	89.455	87.812	86.036	83.753	79.349	-1.643	-1,84	-1.776	-2,02	-2.283	-2,65	-4.404	-5,26	-2,95
OURENSE	81.123	79.675	78.143	75.693	72.623	-1.448	-1,78	-1.532	-1,92	-2.450	-3,14	-3.070	-4,06	-2,73
PONTEVEDRA	294.267	281.847	273.008	259.585	245.991	-12.420	-4,22	-8.839	-3,14	-13.423	-4,92	-13.594	-5,24	-4,38
TOTAL	807.686	783.149	767.280	739.129	704.124	-24.537	-3,04	-15.869	-2,03	-28.151	-3,67	-35.005	-4,74	-3,37

A evolución do número de traballadores nos últimos cinco anos foi negativa nas catro provincias, aínda que foi a provincia de Pontevedra a que rexistrou o descenso máis importante, tanto en termos absolutos como relativos, rematando o quinquenio cunha variación media anual de -4,38%, duplicando, case, o resto das provincias. É en canto aos anos, o 2012 foi o que rexistrou o balance máis negativo de toda a serie perdendo un total de 35.005 afiliados, é dicir, un 4,74% menos que o ano anterior.

Por último, se atendemos ás cifras absolutas, no ano 1012 había En Galicia 103.562 afiliados menos que no ano 2008.



2.2.4. Evolución do número de autónomos

	2008	2009	2010	2011	2012	2009	%	2010	%	2011	%	2012	%	V.M. anual
A CORUÑA	92.772	89.829	87.914	86.670	85.758	-2.943	-3,17	-1.915	-2,13	-1.244	-1,42	-912	-1,05	-1,95
LUGO	40.648	39.261	38.131	37.507	36.969	-1.387	-3,41	-1.130	-2,88	-624	-1,64	-538	-1,43	-2,34
OURENSE	28.082	27.219	26.486	26.217	25.920	-863	-3,07	-733	-2,69	-269	-1,02	-297	-1,13	-1,98
PONTEVEDRA	71.711	69.261	67.902	67.002	65.793	-2.450	-3,42	-1.359	-1,96	-900	-1,33	-1.209	-1,80	-2,13
TOTAL	233.213	225.570	220.433	217.396	214.440	-7.643	-3,28	-5.137	-2,28	-3.037	-1,38	-2.956	-1,36	-2,08

O número de autónomos entre os anos 2008 e 2012 diminuíu de xeito paulatino nas catro provincias e en porcentaxes moi semellantes. O número de autónomos pasaron de 233.213 no 2008 a 214.440 no 2012, o que supuxo unha redución de 18.773 autónomos, rexistrando unha variación media anual de -2,08%.



2.2.5. Evolución do número de empresas por sectores

	2008	2009	2010	2011	2012	2009	%	2010	%	2011	%	2012	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	6.356	5.920	5.993	6.122	6.100	-436	-6,86	73	1,23	129	2,15	-22	-0,36	-1,02
SECTOR SECUNDARIO	11.095	10.480	10.068	9.636	9.148	-615	-5,54	-412	-3,93	-432	-4,29	-488	-5,06	-4,71
SECTOR CONSTRUCIÓN	15.476	14.536	13.482	11.836	9.930	-940	-6,07	-1.054	-7,25	-1.646	-12,21	-1.906	-16,10	-10,50
SECTOR SERVIZOS	85.766	83.414	83.073	82.683	104.140	-2.352	-2,74	-341	-0,41	-390	-0,47	21.457	25,95	4,97
SEN ACTIVIDADE	0	4	4	4	4	4	0	0	0	0	0	0	0	0
TOTAL	118.693	114.354	112.620	110.281	129.322	-4.339	-3,66	-1.734	-1,52	-2.339	-2,08	19.041	17,27	2,17

Na evolución do número de empresas por sectores, vemos un descenso no número de empresas de xeito sostido ao longo de todo o quinquenio, agás no sector primario (agricultura, gandaría e pesca) que no 2010 aumentou, aínda que con cifras moi reducidas, en 73 empresas (1,23%) e en 129 no 2011 (2,15%) e a outra excepción foi no sector servizos cun incremento espectacular de 21.457 empresas o que supuxo o 25,95%, pero este feito está, sen dúbida, vinculado aos cambios producidos nos réximes da Seguridade Social xa mencionados en anteriores parágrafos. Pola contra o sector que presenta a redución máis significativa foi o da construción, o cal no ano 2012 perdeu 1.906 empresas, (-16,10%) e rematando o quinquenio cunha variación media anual de -10,50%.



2.2.6. Evolución do número de traballadores por sectores

	2008	2009	2010	2011	2012	2009	%	2010	%	2011	%	2012	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	33.145	30.614	29.921	29.605	28.387	-2.531	-7,64	-693	-2,26	-316	-1,06	-1.218	-4,11	-3,80
SECTOR SECUNDARIO	147.137	137.373	132.177	124.780	117.231	-9.764	-6,64	-5.196	-3,78	-7.397	-5,60	-7.549	-6,05	-5,52
SECTOR CONSTRUCIÓN	87.512	79.065	70.530	57.341	45.590	-8.447	-9,65	-8.535	-10,79	-13.189	-18,70	-11.751	-20,49	-15,04
SECTOR SERVIZOS	539.892	530.044	525.900	519.197	510.600	-9.848	-1,82	-4.144	-0,78	-6.703	-1,27	-8.597	-1,66	-1,38
SEN ACTIVIDADE	0	6.053	8.752	8.206	2.316	6.053	0	2.699	44,59	-546	-6,24	-5.890	-71,78	0,00
TOTAL	807.686	783.149	767.280	739.129	704.124	-24.537	-3,04	-15.869	-2,03	-28.151	-3,67	-35.005	-4,74	-3,37

Na evolución do número de traballadores por sectores, obsérvase como o número de afiliados descendeu de xeito continuado en todos os sectores, rexistrando unha variación media anual negativa de -3,37%. Pero non todos os sectores sufriron a mesma redución de traballadores, de feito foi a construción a que acadou as maiores perdas, rexistrando no ano 2012 unha diminución de 11.751 traballadores (-20,49%), o que sumado as reducións dos anos anteriores fixo que o quinquenio rematase cunha variación media anual de -15,04%. No resto de sectores a caída de afiliados foi bastante máis moderada, sendo o sector servizos o que tivo un comportamento menos negativo acadando o período cunha variación media anual de -1,38%.



2.2.7. Evolución do número de autónomos por sectores

	2008	2009	2010	2011	2012	2009	%	2010	%	2011	%	2012	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	46.828	43.030	40.109	38.057	36.477	-3.798	-8,11	-2.921	-6,79	-2.052	-5,12	-1.580	-4,15	-6,05
SECTOR SECUNDARIO	16.258	15.519	15.079	15.026	14.844	-739	-4,55	-440	-2,84	-53	-0,35	-182	-1,21	-2,25
SECTOR CONSTRUCIÓN	32.917	32.132	30.582	29.322	27.741	-785	-2,38	-1.550	-4,82	-1.260	-4,12	-1.581	-5,39	-4,19
SECTOR SERVIZOS	137.204	134.889	134.663	134.991	135.378	-2.315	-1,69	-226	-0,17	328	0,24	387	0,29	-0,33
SEN ACTIVIDADE	6	0	0	0	0	-6	-100,00	0	0	0	0	0	0,00	0,00
TOTAL	233.213	225.570	220.433	217.396	214.440	-7.643	-3,28	-5.137	-2,28	-3.037	-1,38	-2.956	-1,36	-2,08

A maioría dos sectores presentaron un balance negativo continuo ao longo de todo o período, destacando o sector primario, que é o que máis decrece, cunha variación media anual de -6,05% , tal e como acontecía cos traballadores e tamén coas empresas. O sector da construción tamén acusa un descenso considerable finalizando o quinquenio cunha variación media de -4,19%. A excepción rexistrouse no sector servizos, o cal rexistrou un balance positivo, (aínda que moi moderado), durante o ano 2011 cun incremento da afiliación de 328 autónomos (0,24%) e no 2012 cun aumento de 387 (0,29%).

Por outra banda, tamén tal e como sucedía coas empresas e cos traballadores, o sector que máis número de autónomos concentra é o de servizos.



2.3. PARO REXISTRADO

Neste punto analízanse os datos dos demandantes parados rexistrados no Servizo Público de Emprego de Galicia.

2.3.1. Parados rexistrados por xénero

	Homes	Mulleres	Total
GALICIA	138.305	140.482	278.787
ESPAÑA	2.407.907	2.440.816	4.848.723

A cifra total de parados rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, a 31 de decembro de 2012, era de 278.787 persoas, das cales o 49,61% eran homes e o 50,39%.

Por primeira vez o número de mulleres desempregadas foi semellante ao de homes, o que supón que a distancia que existía entres os dous colectivos en anos anteriores se foi reducindo nos últimos anos.

En canto á evolución anual, os desempregados incrementáronse en 20.553 persoas respecto ao ano 2011, o que supuxo un aumento porcentual do 7,96%.

2.3.2. Parados rexistrados por provincia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
A CORUÑA	55.005	39,77	54.970	39,13	109.975	39,45
LUGO	14.708	10,63	13.231	9,42	27.939	10,02
OURENSE	14.918	10,79	15.489	11,03	30.407	10,91
PONTEVEDRA	53.674	38,81	56.792	40,43	110.466	39,62
GALICIA	**138.305**	**100**	**140.482**	**100**	**278.787**	**100**

En canto aos parados rexistrados por provincias, as cifras máis elevadas sitúanse nas provincias da Coruña e Pontevedra, englobando estas dúas provincias 8 de cada 10 parados apuntados na nosa comunidade.



2.3.3. Evolución anual do paro rexistrado

	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	31/12/2011	31/12/2012	2009	%	2010	%	2011	%	2012	%	V.M. anual
HOMES	83.966	103.487	111.241	125.775	138.305	19.521	23,25	7.754	7,49	14.534	13,07	12.530	9,96	13,29
MULLERES	105.937	119.352	126.072	132.459	140.482	13.415	12,66	6.720	5,63	6.387	5,07	8.023	6,06	7,31
TOTAL GALICIA	189.903	222.839	237.313	258.234	278.787	32.936	17,34	14.474	6,50	20.921	8,82	20.553	7,96	10,07

En relación coa evolución anual do paro rexistrado, observamos como o número de persoas desempregadas non deixou de medrar a un ritmo considerable durante todo o quinquenio, sobre todo no colectivo masculino, o cal posibilitou, como xa se mencionou en anteriores apartados, que as desigualdades entre os distintos colectivos foran cada vez menores, ata haber unha cifra semellante de desempregados entre homes e mulleres.



2.3.4. Evolución mensual do paro rexistrado

				Variación			% Variación		
Data	Homes	Mulleres	total	Homes	Mulleres	total	Homes	Mulleres	total
31/12/2011	***125.775***	***132.459***	***258.234***						
31/01/2012	131.807	139.477	271.284	6.032	7.018	13.050	4,80	5,30	5,05
28/02/2012	133.645	141.030	274.675	1.838	1.553	3.391	1,39	1,11	1,25
31/03/2012	134.452	142.343	276.795	807	1.313	2.120	0,60	0,93	0,77
30/04/2012	134.878	142.766	277.644	426	423	849	0,32	0,30	0,31
31/05/2012	134.425	142.183	276.608	**-453**	**-583**	**-1.036**	**-0,34**	**-0,41**	**-0,37**
30/06/2012	131.788	137.415	269.203	**-2.637**	**-4.768**	**-7.405**	**-1,96**	**-3,35**	**-2,68**
31/07/2012	127.061	133.137	260.198	**-4.727**	**-4.278**	**-9.005**	**-3,59**	**-3,11**	**-3,35**
31/08/2012	125.777	131.490	257.267	**-1.284**	**-1.647**	**-2.931**	**-1,01**	**-1,24**	**-1,13**
30/09/2012	125.687	133.686	259.373	**-90**	2.196	2.106	**-0,07**	1,67	0,82
31/10/2012	130.339	137.473	267.812	4.652	3.787	8.439	3,70	2,83	3,25
30/11/2012	134.919	141.617	276.536	4.580	4.144	8.724	3,51	3,01	3,26
31/12/2012	138.305	140.482	278.787	3.386	**-1.135**	2.251	2,51	**-0,80**	0,81

A tendencia mensual que presentan os parados ao longo do ano rexistra unha evolución parecida á dos anos anteriores; é dicir, reflicte a estacionalidade do noso mercado laboral onde todo apunta a que a baixa no desemprego é debido aos contratos temporais da época estival.

Logo do incremento do primeiro cuatrimestre, especialmente o mes de xaneiro coa suba máis acusada do ano, onde só ese mes aumentou en 13.050 desempregados (5,05%); a partir do mes de maio o número de parados comeza a diminuír en ambos os dous sexos, e mantén esa tendencia ata agosto, a partir de setembro invértese esta tendencia e volve haber un crecemento continuado do desemprego ata final do ano.

Se a análise se fai por sexo, o comportamento é practicamente igual para ambos os dous colectivos, con dúas excepcións; o mes de setembro onde, mentres que 90 homes abandonaron as listas de desempregados, 2.196 mulleres ingresaron nelas; e no mes de decembro 1.135 mulleres causaron baixa como paradas, no entanto 3.386 homes pasaron a ingresar as listas de desocupados.


Evolución mensual do paro rexistrado por xénero
600.000
500.000
400.000
300.000
200.000
100.000
0
Xaneiro
Febreiro
Marzo
Abril
Maio
Xuño
Xullo
Agosto
Setembro
Outubro
Novembro
Decembro
Homes
Mulleres
total


Evolución mensual do paro rexistrado por xénero
15000
10000
5000
0
-5000
-10000
Xaneiro
Febreiro
Marzo
Abril
Maio
xuño
Xullo
Agosto
setembro
Outubro
Novembro
Decembro
Homes
Mulleres
total

2.3.5. Parados rexistrados por idade e xénero

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
<=25	13.872	10,03	11.548	8,22	25.420	9,12
26 a 35	34.551	24,98	35.940	25,58	70.491	25,28
36 a 45	34.794	25,16	39.173	27,88	73.967	26,53
46 a 55	32.431	23,45	31.746	22,60	64.177	23,02
>=56	22.657	16,38	22.075	15,71	44.732	16,05
Total	138.305	100	140.482	100	278.787	100

Polo que se refire aos parados por grupo de idade, os que contan cunha idade entre 36 a 45 anos son os que teñen maior volume de desempregados, con 73.967 (26,35%), seguidos moi de cerca polo grupo de 26 a 35 anos co 25,28% dos parados, de xeito que máis da metade dos desempregados galegos contan con unha idade entre 26 e 45 anos.

Por sexo, a circunstancia é moi semellante para ambos os dous, tanto en valores absolutos como relativos, se acaso o tramo de idade onde hai maior desigualdade é no de 36 a 45 anos onde a cifra de mulleres paradas é de 39.173, fronte a de homes que está en 34.794.



2.3.6. Evolución anual dos parados rexistrados por idade

	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	31/12/2011	31/12/2012	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	2012	% variación	V.M. anual
<=25	23.991	28.835	26.959	26.890	25.420	4.844	20,19	-1.876	-6,51	-69	-0,26	-1.470	-5,47	1,46
26 a 35	52.025	62.514	65.774	68.230	70.491	10.489	20,16	3.260	5,21	2.456	3,73	2.261	3,31	7,89
36 a 45	44.169	53.081	58.676	65.799	73.967	8.912	20,18	5.595	10,54	7.123	12,14	8.168	12,41	13,76
46 a 55	38.881	44.626	49.537	56.976	64.177	5.745	14,78	4.911	11,00	7.439	15,02	7.201	12,64	13,35
>=56	30.837	33.783	36.367	40.339	44.732	2.946	9,55	2.584	7,65	3.972	10,92	4.393	10,89	9,75
Total	189.903	222.839	237.313	258.234	278.787	32.936	17,34	14.474	6,50	20.921	8,82	20.553	7,96	10,07

Se nos fixamos agora na evolución do paro por idade, observamos como houbo un aumentou xeneralizado do paro. O único colectivo onde diminuíu foi o dos mozos menores de 26 anos no período do 2010 a 2012, finalizando o quinquenio cunha variación media anual do 1,46% (sensiblemente inferior ao resto dos colectivos). Pola contra, o resto dos grupos de idade, si que rexistraron un aumento considerable do desemprego, así o tramo de persoas con idade entre 36 e 45 remataron o quinquenio cunha variación media de 13,76%, seguidos moi de cerca polo de idade entre 46 e 55 cunha variación media de 13,35%.



2.3.7. Parados rexistrados por nivel formativo

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% total
Ata certificado de escolaridade	63.822	46,15	49.073	34,93	112.895	40,50
BUP / bacharelato superior / COU	9.643	6,97	12.049	8,58	21.692	7,78
Formación profesional	17.055	12,33	23.489	16,72	40.544	14,54
Outras titulacións	46	0,03	124	0,09	170	0,06
Titulación ensino obrigatorio	38.802	28,06	35.751	25,45	74.553	26,74
Titulados universitarios	8.937	6,46	19.996	14,23	28.933	10,38
Total	138.305	100	140.482	100	278.787	100

En relación cos parados por nivel formativo, o comportamento foi moi semellante ao dos anos anteriores, máis de tres cuartas partes dos parados de Galicia tiñan titulación de ensino obrigatorio ou nin tan sequera chegaban a ela. Deste xeito, o resto de persoas con máis titulacións presenten porcentaxes de desemprego sensiblemente inferiores.

Se a análise se fai por sexo, vemos como nas titulacións máis baixas o número de homes desempregados foi superior ao das mulleres, mentres que nos titulados universitarios as cifras de mulleres paradas duplican as dos homes.



2.3.8. Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo

	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	31/12/2011	31/12/2012	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	2012	% variación	V.M. anual
Ata certificado de escolaridade	70.605	84.009	93.181	104.454	112.895	13.404	18,98	9.172	10,92	11.273	12,10	8.441	8,08	12,45
BUP / bacharelato superior / COU	17.102	19.087	19.231	20.376	21.692	1.985	11,61	144	0,75	1.145	5,95	1.316	6,46	6,12
Formación profesional	25.163	30.508	32.807	35.880	40.544	5.345	21,24	2.299	7,54	3.073	9,37	4.664	13,00	12,67
Outras titulacións	114	128	121	175	170	14	12,28	-7	-5,47	54	44,63	-5	-2,86	10,51
Titulación ensino obrigatorio	61.174	69.372	68.855	72.068	74.553	8.198	13,40	-517	-0,75	3.213	4,67	2.485	3,45	5,07
Titulados universitarios	15.745	19.735	23.118	25.281	28.933	3.990	25,34	3.383	17,14	2.163	9,36	3.652	14,45	16,43
Total	189.903	222.839	237.313	258.234	278.787	32.936	17,34	14.474	6,50	20.921	8,82	20.553	7,96	10,07

Polo que se refire á evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo, a tendencia durante o período 2008/2012, foi o aumento continuo no número de desempregados, agás excepcións moi pouco significativas como os que teñen titulación de ensino obrigatorio, os cales no ano 2010 descenderon en 517 parados (-0,75%). O colectivo onde máis aumentou o paro, en termos relativos, foi o de titulados universitarios acadando a maior variación media anual (16,43%). A continuación o grupo que máis subiu foi o integrado polos que posuían formación profesional (12,67%), seguido moi de cerca polos que tiñan ata certificado de escolaridade (12,45%).



2.3.9. Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% total
<= 1 mes	13.278	9,60	10.871	7,74	24.149	8,66
de 1 a 3 meses	25.471	18,42	22.118	15,74	47.589	17,07
de 3 a 6 meses	18.726	13,54	19.141	13,63	37.867	13,58
de 6 a 12 meses	24.218	17,51	21.650	15,41	45.868	16,45
de 12 a 24 meses	28.305	20,47	25.805	18,37	54.110	19,41
máis de 24 meses	28.307	20,47	40.897	29,11	69.204	24,82
Total	138.305	100	140.482	100	278.787	100

En canto á antigüidade dos desempregados galegos, podemos dicir á vista dos datos, que a porcentaxe máis elevada está naqueles que levan á procura dun emprego máis de 24 meses (24,82%), seguido polos que levaban parados de 12 a 24 meses co 19,41%, de xeito que case un de cada dous parados galegos levaba polo menos un ano desempregado. Pola contra, o colectivo onde houbo menos presenza foi o que levaba anotado no paro 1 mes ou menos.

Por sexo, foron as mulleres que levaban máis de 24 meses buscando emprego as que concentraron o maior número de parados (40.897 persoas), cifra que case duplica a dos homes. Polo contrario, as mulleres que estiveron desempregadas un mes ou menos eran menos numerosas que os homes.



2.3.10. Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda

	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	31/12/2011	31/12/2012	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	2012	% variación	V.M. anual
<= 1 mes	26.956	27.062	26.454	27.680	24.149	106	0,39	-608	-2,25	1.226	4,63	-3.531	-12,76	-2,71
de 1 a 3 meses	43.804	42.558	42.227	45.474	47.589	-1.246	-2,84	-331	-0,78	3.247	7,69	2.115	4,65	2,09
de 3 a 6 meses	30.033	34.506	34.971	40.167	37.867	4.473	14,89	465	1,35	5.196	14,86	-2.300	-5,73	5,97
de 6 a 12 meses	28.522	41.404	39.552	42.572	45.868	12.882	45,17	-1.852	-4,47	3.020	7,64	3.296	7,74	12,61
de 12 a 24 meses	22.670	36.565	43.663	43.534	54.110	13.895	61,29	7.098	19,41	-129	-0,30	10.576	24,29	24,30
máis de 24 meses	37.918	40.744	50.446	58.807	69.204	2.826	7,45	9.702	23,81	8.361	16,57	10.397	17,68	16,23
Total	189.903	222.839	237.313	258.234	278.787	32.936	17,34	14.474	6,50	20.921	8,82	20.553	7,96	10,07

Na evolución do número de parados vemos como, en xeral, se produciu un aumento de número de parados, con poucas excepcións, así os que levaban un mes, ou menos, no paro tiveron unha diminución de 608 desempregados no ano 2010 e de 3.531 no ano 2012 o que supuxo que este colectivo fora o que saíu mellor parado de todo o período rematando cunha variación media negativa de -2,71%. Tamén o colectivo que levaba parado de 1 a 3 meses diminuíu no ano 2009 e 2010 e o de 6 a 12 meses diminuíu no 2010. Pola contra, os parados que levaban buscando emprego de 12 a 24 meses rexistraron un crecemento importante ao longo de todo o período (agás no ano 2011) duplicando o seu número neste período e finalizando o quinquenio cunha variación media anual de 24,30%, seguido moi de cerca polos que levaban desempregados máis de 24 meses que rexistraron unha variación media de 16,23%.



2.3.11. Parados rexistrados por sector económico de procedencia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% total
SECTOR PRIMARIO	6.875	4,97	2.580	1,84	9.455	3,39
SECTOR SECUNDARIO	22.256	16,09	17.933	12,77	40.189	14,42
SECTOR CONSTRUCIÓN	42.088	30,43	3.896	2,77	45.984	16,49
SECTOR SERVIZOS	59.835	43,26	100.302	71,40	160.137	57,44
SEN EMPREGO ANTERIOR	7.251	5,24	15.771	11,23	23.022	8,26
Total	138.305	100	140.482	100	278.787	100

No tocante á distribución de parados por actividade económica, foi o sector servizos o que concentrou máis de metade dos parados da nosa Comunidade (57,44%). O seguinte sector en importancia foi o a construción, aínda que a unha distancia considerable (16,49%), seguido do sector secundario, con porcentaxes moi semellantes (14,42%). Pola contra o sector primario foi o que menor número de parados rexistrou (3,39%).

Por sexo, tamén foi o sector servizos o que englobou maior número de parados, pero mentres que nas mulleres este sector acaparaba o 71,40% das paradas, nos homes representaba o 43,26% dos desempregados. Por outra banda, o sector construción que supuxo o segundo lugar no número de parados entre o colectivo de homes (30,43%), apenas ten incidencia no caso das mulleres (2,77%). Na industria teñen cifras de parados máis ou menos similares. Respecto ao sector primario, segue sendo o que presenta as cifras máis reducidas, así nos homes rexistra o 4,97% dos parados e nas mulleres o 1,84%.



2.3.12. Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia

	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	31/12/2011	31/12/2012	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	2012	% variación	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	5.806	6.343	6.517	7.225	9.455	537	9,25	174	2,74	708	10,86	2.230	30,87	12,97
SECTOR SECUNDARIO	30.255	35.040	36.897	40.327	40.189	4.785	15,82	1.857	5,30	3.430	9,30	-138	-0,34	7,36
SECTOR CONSTRUCIÓN	27.138	36.190	38.530	44.807	45.984	9.052	33,36	2.340	6,47	6.277	16,29	1.177	2,63	14,09
SECTOR SERVIZOS	103.069	121.704	126.942	138.341	160.137	18.635	18,08	5.238	4,30	11.399	8,98	21.796	15,76	11,65
SEN EMPREGO ANTERIOR	23.635	23.562	28.427	27.534	23.022	-73	-0,31	4.865	20,65	-893	-3,14	-4.512	-16,39	-0,65
Total	189.903	222.839	237.313	258.234	278.787	32.936	17,34	14.474	6,50	20.921	8,82	20.553	7,96	10,07

Nos últimos cinco anos aumentaron os parados en todos os sectores, pero durante o último ano o que máis aumentou foi o de agricultura e pesca (30,87%), seguido do sector servizos, o cal aumentou o 15,76%, mentres que, pola contra, o sector secundario experimentou un lixeiro descenso, así como no colectivo que non tivo emprego anterior diminuíu o paro considerablemente, concretamente en 4.512 persoas (-16,39%), sendo este o único grupo que experimentou unha variación media anual negativa (-0,65%). Pero se atendemos a todo o quinquenio o sector que da construción segue a ser o que saíu máis prexudicado, en termos relativos, finalizando cunha variación media anual de 14,09%.



2.3.13. Parados rexistrados por gran grupo de ocupación

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% total
ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA)	49.029	35,45	5.662	4,03	54.691	19,62
DIRECTORES E XERENTES	1.526	1,10	518	0,37	2.044	0,73
EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	6.222	4,50	19.228	13,69	25.450	9,13
OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	25.514	18,45	31.246	22,24	56.760	20,36
OCUPACIÓNS MILITARES	92	0,07	20	0,01	112	0,04
OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E MONTADORES	15.204	10,99	6.230	4,43	21.434	7,69
TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELECTUAIS	8.556	6,19	15.010	10,68	23.566	8,45
TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	14.734	10,65	10.459	7,45	25.193	9,04
TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	5.209	3,77	1.890	1,35	7.099	2,55
TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	12.219	8,83	50.219	35,75	62.438	22,40
Total	138.305	100	140.482	100	278.787	100

Se analizamos os parados rexistrados por gran grupo de ocupación, observamos como a maioría dos parados concéntranse no grupo de "traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores" co 22,40%, seguido moi de cerca polas "ocupacións elementais" co 20,36%, e en terceiro lugar o grupo de "artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria) co 19,62%; de maneira que estes tres grupos concentran máis do 80% dos parados de Galicia.

Por sexo, no caso dos homes o grupo que rexistra máis desempregados foi o de "artesáns e traballadores das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria) con 49.029 desempregados, o 35,45%; seguido das "ocupacións elementais" con 25.514 parados (18,45%); mentres que onde máis mulleres paradas houbo foi no de "traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores" o cal concentrou 62.438 demandantes, o que supuxo o 35,75%.



2.3.14. Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación

Debido á posta en marcha da nova Clasificación Nacional de Ocupación CNO-11 non é posible realizar esta evolución.

2.3.15. As dez ocupacións máis demandadas

	Homes	Mulleres	Total	% Total
DEPENDENTES DE COMERCIO, EN XERAL	1.912	20.485	22.397	8,03
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS, EN XERAL	3.552	12.922	16.474	5,91
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR , EN XERAL	1.161	15.014	16.175	5,80
ALBANEIS	11.457	88	11.545	4,14
PEÓNS DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	7.542	49	7.591	2,72
CAMAREIROS, EN XERAL	3.215	4.248	7.463	2,68
PEÓNS DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	4.434	2.812	7.246	2,60
CONDUTORES DE CAMIÓN, EN XERAL	4.422	52	4.474	1,60
MOZOS DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN E/OU MERCADO DE ABASTOS	3.841	313	4.154	1,49
COCIÑEIROS, EN XERAL	980	3.106	4.086	1,47

Das dez ocupacións máis solicitadas polos desempregados galegos, a gran maioría pertencen ao sector servizos. Delas a máis solicitada foi a de "dependentes de comercio, en xeral", seguido en segundo lugar pola ocupación "empregados administrativos, en xeral, e en terceiro lugar por persoal de limpeza ou limpador, en xeral, concentrando as tres case o 20% das ocupacións demandadas.

Por sexo, cómpre sinalar que o xénero incide, e moito, na demanda, así nas tres ocupacións que encabezan a listaxe a maioría son mulleres mentres que nas ocupacións relacionadas coa albanelería, con condutores, ou mozos de carga a situación invértese sendo os homes os que predominan. Pola contra, as ocupacións con cifras semellantes entre os dous sexos son as menos, sirva como exemplo a de camareiros, en xeral.



2.3.16. Perfil tipo do demandante parado en Galicia[1]

Galicia 2012

- Grupo de idade
- Nivel académico
- Tempo busca de emprego
- Sector económico
- Ocupación máis demandada (SISPE-8 díxitos)

- De 36 a 45 anos
- Ata certificado de escolaridade
- Máis de 24 meses
- Servizos
- Albanel

2.3.17. Perfil tipo da demandante parada en Galicia[1]

Galicia 2012

- Grupo de idade
- Nivel académico
- Tempo busca de emprego
- Sector económico
- Ocupación máis demandada (SISPE-8 díxitos)

- De 36 a 45 anos
- Ata certificado de escolaridade
- Máis de 24 meses
- Servizos
- Dependente de comercio, en xeral

(1) Para elaborar os informes seguintes, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos en cada unha das distintas variables

2.4. CONTRATOS

É preciso sinalar que, debido aos cambios producidos na Seguridade Social segundo os cales o réxime especial de empregados do fogar integrábase no réxime xeral; nos datos de contratos que aquí publicamos non figura a contratación do servizo do fogar entre xaneiro e setembro de 2012.

2.4.1. Contratos realizados por xénero

	Homes	Mulleres	Total
GALICIA	340.484	321.844	662.328
ESPAÑA	**7.537.926**	**6.703.065**	**14.240.991**

O número de contratos rexistrados nas nosas oficinas de emprego ao longo do ano 2012 foi de 662.328, o que supuxo 9.121 contratos menos con respecto ao ano anterior, resultando, en termos relativos un descenso de -1,36%.

Da totalidade dos contratos o 51,41% foi contratación masculina e o 48,59% feminina; esta proporción significa que a a porcentaxe da contratación masculina é superior en 2,81puntos á feminina. Esta diferenza entre a contratación masculina e feminina viuse reducida respecto aos anos anteriores.

Por outra banda, os contratos rexistrados na nosa comunidade supuxeron o 4,65% do total da contratación do Estado.

Contratos por xénero. Galicia 2012



2.4.2. Contratos realizados por provincia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
A CORUÑA	138.950	40,81	141.403	43,94	280.353	42,33
LUGO	33.521	9,85	32.169	10,00	65.690	9,92
OURENSE	24.916	7,32	26.490	8,23	51.406	7,76
PONTEVEDRA	143.097	42,03	121.782	37,84	264.879	39,99
TOTAL GALICIA	**340.484**	**100**	**321.844**	**100**	**662.328**	**100**

Atendendo á contratación rexistrada por provincia, observamos que foi na da Coruña onde se formalizou a proporción máis alta (42,33%), seguida da de Pontevedra (39,99%); de maneira que, do total da contratación realizada en Galicia, algo máis do 82% corresponde as provincias máis poboadas. Pola contra, foi na provincia de Ourense onde houbo menor presenza de contratos, o 7,76%.



2.4.3. Evolución anual do número de contratos por xénero

	2008	2009	2010	2011	2012	2009	%	2010	%	2011	%	2012	%	V.M. anual
HOMES	410.458	350.240	353.905	344.683	340.484	-60.218	-14,67	3.665	1,05	-9.222	-2,61	-4.199	-1,22	-4,57
MULLERES	383.712	332.891	326.719	326.766	321.844	-50.821	-13,24	-6.172	-1,85	47	0,01	-4.922	-1,51	-4,30
TOTAL GALICIA	794.170	683.131	680.624	671.449	662.328	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-9.175	-1,35	-9.121	-1,36	-4,44

A característica principal que se deduce das cifras da contratación en Galicia, é un descenso paulatino ao longo de todo o quinquenio. Esta redución foi especialmente brusca no ano 2009 moderándose nos anos seguintes e incluso aumentando a contratación masculina no ano 2010 e a feminina no 2011, aínda así, a evolución da contratación durante este período foi negativa rematando o quinquenio con 131.842 contratos menos, o que supuxo unha variación media anual negativa do 4,44%.

Por sexo, vemos como a diminución da contratación entre o colectivo feminino e masculino teñen cifras semellantes, coas excepcións antes mencionadas do ano 2010, onde os homes rexistraron un incremento da contratación e no 2011 foron as mulleres as que experimentaron unha subida da contratación pero con cifras bastantes máis modestas. Polo demais, ambos os dous sexos, acadaron unha variación media anual en torno ao -4,50%.



2.4.4. Evolución mensual do número de contratos

				Variación			% Variación		
Data	Homes	Mulleres	total	Homes	Mulleres	total	Homes	Mulleres	total
31/12/20011	***23.143***	***24.515***	***47.658***						
XANEIRO	23.544	23.925	47.469	401	**-590**	**-189**	1,73	**-2,41**	**-0,40**
FEBREIRO	21.508	20.246	41.754	**-2.036**	**-3.679**	-5.715	**-8,65**	**-15,38**	**-12,04**
MARZO	23.549	21.923	45.472	2.041	1.677	3.718	9,49	8,28	8,90
ABRIL	23.868	22.684	46.552	319	761	1.080	1,35	3,47	2,38
MAIO	28.163	23.880	52.043	4.295	1.196	5.491	17,99	5,27	11,80
XUÑO	31.515	28.618	60.133	3.352	4.738	8.090	11,90	19,84	15,54
XULLO	40.807	37.209	78.016	9.292	8.591	17.883	29,48	30,02	29,74
AGOSTO	34.170	29.785	63.955	**-6.637**	**-7.424**	**-14.061**	**-16,26**	**-19,95**	**-18,02**
SETEMBRO	30.168	30.789	60.957	**-4.002**	1.004	**-2.998**	**-11,71**	3,37	**-4,69**
OUTUBRO	35.169	34.371	69.540	5.001	3.582	8.583	16,58	11,63	14,08
NOVEMBRO	26.281	25.377	51.658	**-8.888**	**-8.994**	**-17.882**	**-25,27**	**-26,17**	**-25,71**
DECEMBRO	21.742	23.037	44.779	**-4.539**	**-2.340**	**-6.879**	**-17,27**	**-9,22**	**-13,32**

Atendendo a evolución mensual da contratación ao longo do 2012, vemos que o ano empeza cunha lixeira diminución (-0,40%), descenso que se acentúa no mes de febreiro co -12,04%. Pero a partir do mes de marzo a contratación experimenta un ascenso progresivo hasta xullo, sendo este mes o que rexistra o aumento máis acusado de todo o ano. A partir de agosto o número de contratos volve a caer de forma abrupta (-18,02%), descenso que continúa en setembro (-4,69%); volve a subir en outubro pero en novembro experimenta a maior baixa de todos os meses cun -25,71%, caída que continúa en decembro.

Por sexo, a situación, en liñas xerais é semellante, coas excepcións de xaneiro, mes onde a contratación feminina baixa un -2,41%, mentres que a masculina sube 1,73%; e de setembro que ocorre o contrario, a contratación masculina descende -11,71% mentres que a feminina aumenta un 3,37%.



2.4.5. Evolución mensual dos demandantes parados e contratados

	parados	contratados	variación		% parados	% contratados
31/12/2011	258.234	35.009				
XANEIRO	271.284	38.370	13.050	3.361	5,05	9,60
FEBREIRO	274.675	33.079	3.391	**-5.291**	1,25	**-13,79**
MARZO	276.795	36.057	2.120	2.978	0,77	9,00
ABRIL	277.644	36.281	849	224	0,31	0,62
MAIO	276.608	37.828	**-1.036**	1.547	**-0,37**	4,26
XUÑO	269.203	44.415	**-7.405**	6.587	**-2,68**	17,41
XULLO	260.198	58.310	**-9.005**	13.895	**-3,35**	31,28
AGOSTO	257.267	44.870	**-2.931**	**-13.440**	**-1,13**	**-23,05**
SETEMBRO	259.373	46.715	2.106	1.845	0,82	4,11
OUTUBRO	267.812	52.170	8.439	5.455	3,25	11,68
NOVEMBRO	276.536	39.311	8.724	**-12.859**	3,26	**-24,65**
DECEMBRO	278.787	34.030	2.251	**-5.281**	0,81	**-13,43**

Nesta comparativa entre persoas paradas e contratadas, ao longo de todo o ano, optouse por facer a comparación a nivel porcentual; dado que a cifra de desempregados é moi superior a das persoas contratadas.

A evolución das persoas desempregadas segue as mesmas pautas que nos anos anteriores, é dicir, aumentan de forma continuada ata o mes de abril, pero a partir deste mes o número de parados descende progresivamente hasta o mes de agosto, coincidindo co período estival; no mes de setembro volve a rexistrarse un incremento que continúa hasta final de ano. En canto ás persoas contratadas, vemos que a súa evolución presenta varios picos; no mes de febreiro descendeu un -13,79%, no mes de agosto volve a rexistrar un unha caída dos contratados do -23,05%, e tamén nos meses de novembro (-24,65%) e no de decembro (-13,43%). Pola contra, no mes de xuño e xullo subiu o número de contratados notablemente, 17,41% e 31,28%, respectivamente.
Por outra parte, vendo os datos que presenta a táboa anterior, deducimos que houbo meses onde a cifra de contratados aumentaba pero a de desempregados tamén, o que nos está indicando que non sempre o aumento da contratación se traduce nunha diminución do paro.



2.4.6. Contratos por idade e xénero

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
<=25	66.855	19,64	69.514	21,60	136.369	20,59
26 a 35	130.290	38,27	118.645	36,86	248.935	37,58
36 a 45	83.811	24,62	79.222	24,62	163.033	24,62
46 a 55	44.924	13,19	43.796	13,61	88.720	13,40
>=56	14.604	4,29	10.667	3,31	25.271	3,82
Total	340.484	100	321.844	100	662.328	100

Por tramos de idade, constatamos que o segmento de poboación con maior peso na contratación é o conformado por aquelas persoas cunha idade entre 26 e 35 anos, acadando o 37,58% da contratación total, seguidas polas que teñen entre 26 e 45 anos, co 24,62%. Pola contra, os valores máis baixos alcanzounos os maiores de 55 anos co 3,82% da totalidade da contratación.

Por sexo, a situación foi moi homoxénea, con cifras de contratación moi parecidas, coa particularidade de que no caso dos menores de 26 anos a contratación foi lixeiramente superior nas mulleres, mentres que nos grupos de idades restantes foron os homes os máis contratados.



2.4.7. Evolución anual da contratación por idade

	2008	2009	2010	2011	2012	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	2012	% variación	V.M. anual
<=25	231.956	178.551	169.664	155.601	136.369	-53.405	-23,02	-8.887	-4,98	-14.063	-8,29	-19.232	-12,36	-12,44
26 a 35	286.334	250.398	252.943	251.714	248.935	-35.936	-12,55	2.545	1,02	-1.229	-0,49	-2.779	-1,10	-3,44
36 a 45	165.039	148.681	151.972	155.234	163.033	-16.358	-9,91	3.291	2,21	3.262	2,15	7.799	5,02	-0,31
46 a 55	86.722	82.281	83.360	84.993	88.720	-4.441	-5,12	1.079	1,31	1.633	1,96	3.727	4,39	0,57
>=56	24.119	23.220	22.685	23.907	25.271	-899	-3,73	-535	-2,30	1.222	5,39	1.364	5,71	1,17
Total	794.170	683.131	680.624	671.449	662.328	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-9.175	-1,35	-9.121	-1,36	-4,44

No que se refire á contratación levada a cabo nos últimos cinco anos, o grupo de idade que sae peor parado son os menores de 26 anos, os cales rexistran unha diminución notable e continuada ao longo de todo o período rematando cunha variación media anual de -12,44%. O segundo grupo en importancia, en canto ao descenso de contratos, foi o do intervalo entre 26 e 35 anos rexistrando unha caída a un ritmo algo máis moderado que o anterior (incluso no ano 2010 aumentaron a contratación) e acadando cunha variación media anual de -3,44%. Pola contra, o resto dos grupos tiveron un comportamento positivo, deste xeito, as persoas con un tramo de idade entre 36 e 45 aumentaron a contratación desde o 2010, e o mesmo sucede co seguinte grupo de 46 a 55 anos. Os maiores de 55 anos aínda que iniciaron a recuperación un ano máis tarde, no 2011, foron os que, en termos relativos, máis medraron, rematando o período cunha variación media anual de 1,17%.



2.4.8. Contratos por nivel formativo

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Ata certificado de escolaridade	96.114	28,23	66.498	20,66	162.612	24,55
BUP / bacharelato superior / COU	42.487	12,48	46.448	14,43	88.935	13,43
Formación profesional	33.772	9,92	37.123	11,53	70.895	10,70
Outras titulacións	1.308	0,38	1.456	0,45	2.764	0,42
Titulación ensino obrigatorio	146.781	43,11	133.737	41,55	280.518	42,35
Titulados universitarios	20.022	5,88	36.582	11,37	56.604	8,55
Total	340.484	100	321.844	100	662.328	100

Como se observa na táboa anterior, a contratación en Galicia vén determinada pola preeminencia dos titulados en ensino obrigatorio que lograron o 42,35% do total da contratación, seguidos, aínda que a bastante distancia, do grupo de "ata certificado de escolaridade" co 24,55%, de forma que case o 67% da contratación na nosa comunidade se efectuou con persoas de baixo nivel de cualificación.

Por sexo, vemos como nas titulacións máis baixas o número de contratos a homes son maioría, pero a medida que a formación aumenta a situación se inverte e a contratación feminina supera a masculina; de maneira que nos titulados universitarios a cifra de contratos a mulleres case duplica a dos homes.



2.4.9. Evolución anual da contratación por nivel formativo

	2008	2009	2010	2011	2012	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	2012	% variación	V.M. anual
Ata certificado de escolaridade	159.825	138.320	143.905	132.759	162.612	-21.505	-13,46	5.585	4,04	-11.146	-7,75	29.853	22,49	0,43
BUP / bacharelato superior / COU	123.433	98.240	99.484	97.054	88.935	-25.193	-20,41	1.244	1,27	-2.430	-2,44	-8.119	-8,37	-7,87
Formación profesional	109.369	91.930	89.452	81.943	70.895	-17.439	-15,95	-2.478	-2,70	-7.509	-8,39	-11.048	-13,48	-10,27
Titulación ensino obrigatorio	320.149	287.610	284.059	299.100	280.518	-32.539	-10,16	-3.551	-1,23	15.041	5,30	-18.582	-6,21	-3,25
Titulados universitarios	81.394	67.031	63.724	60.593	56.604	-14.363	-17,65	-3.307	-4,93	-3.131	-4,91	-3.989	-6,58	-8,68
Total	794.170	683.131	680.624	671.449	662.328	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-9.175	-1,35	-9.121	-1,36	-4,44

No que se refire a evolución da contratación por nivel formativo nos últimos cinco anos, cabe dicir que non houbo un comportamento homoxéneo; así o colectivo con formación profesional e os titulados universitarios rexistraron unha diminución xeneralizada no referido período, cunha variación media anual negativa de -10,27% e -8,68%, respectivamente. Os demais colectivos presentan pautas diferentes dependendo do ano, deste xeito os que posuían ata certificado de escolaridade aumentaron notablemente a contratación no ano 2012 (22,49% máis respecto a ao ano anterior), sendo o único colectivo que remata o período cunha variación media positiva de 0,43%.



2.4.10. Contratos por tipoloxía

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Indefinido	22.194	6,52	14.222	4,42	36.416	5,50
Indefinido tempo parcial	4.769	1,40	10.907	3,39	15.676	2,37
Outros	12.084	3,55	3.742	1,16	15.826	2,39
Prácticas/Formación	3.704	1,09	3.881	1,21	7.585	1,15
Temporal	220.773	64,84	151.601	47,10	372.374	56,22
Temporal tempo parcial	76.960	22,60	137.491	42,72	214.451	32,38
Total	340.484	100	321.844	100	662.328	100

Se se fala da contratación por tipoloxía, obsérvase que a incidencia da contratación temporal é notable, englobando o 82,13% da contratación, de maneira que a temporalidade segue a ser a norma habitual. A contratación indefinida supuxo o 5,50% do total de contratos e a indefinida a tempo parcial o 2,37%.

Por sexo, hai un predominio claro das mulleres na contratación a tempo parcial, tanto con carácter indefinido como temporal, no entanto, nas contratacións a xornada completa o colectivo masculino saíu mellor parado xa que rexistraron un maior volume de contratos.

Por último na contratación en prácticas/formación o comportamento foi moi similar, se ben a número de contratos realizados nesta modalidade representan arredor dun 1%.



2.4.11. Evolución anual da contratación por tipoloxía

	2008	2009	2010	2011	2012	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	2012	% variación	V.M. anual
Indefinido	71.079	52.293	45.536	39.605	36.416	-18.786	-26,43	-6.757	-12,92	-5.931	-13,02	-3.189	-8,05	-15,40
Indefinido tempo parcial	16.998	14.749	14.476	14.037	15.676	-2.249	-13,23	-273	-1,85	-439	-3,03	1.639	11,68	-2,00
Outros	18.876	20.380	17.894	16.894	15.826	1.504	7,97	-2.486	-12,20	-1.000	-5,59	-1.068	-6,32	-4,31
Prácticas/Formación	14.340	10.077	9.161	7.900	7.585	-4.263	-29,73	-916	-9,09	-1.261	-13,76	-315	-3,99	-14,72
Temporal	496.591	417.867	416.005	399.295	372.374	-78.724	-15,85	-1.862	-0,45	-16.710	-4,02	-26.921	-6,74	-6,94
Temporal tempo parcial	176.286	167.765	177.552	193.718	214.451	-8.521	-4,83	9.787	5,83	16.166	9,10	20.733	10,70	5,02
Total	794.170	683.131	680.624	671.449	662.328	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-9.175	-1,35	-9.121	-1,36	-4,44

A evolución anual da contratación trae consigo un descenso continuado da contratación, agás as modalidades a tempo parcial; así, no ano 2012, a contratación indefinida a tempo parcial aumenta en 1.639 contratos (11,68%), aínda así, non evita que este tipo de contratación rematase o quinquenio cunha variación media negativa de -2%. A outra excepción atópase na contratación temporal a tempo parcial onde se produciu un aumento no ano 2011 de 16.166 contratos (9,10%) e no 2012 de 20.733 (10,70%), sendo a única modalidade que remata o período cunha variación media anual positiva de 5,02%. Pola contra, a contratación indefinida a xornada completa soportou, en termos relativos, a maior diminución na contratación acabando o quinquenio cunha variación media anual de -15,40%.



2.4.12. Índice de rotación

	Contratos	Contratados	Índice de rotación
2008	794.170	379.649	2,09
2009	683.131	326.507	2,09
2010	680.624	314.226	2,17
2011	671.449	302.277	2,22
2012	662.328	284.901	2,32

O índice de rotación é a relación entre o número de contratos e o número de persoas contratadas nun período determinado de tempo.

A táboa anterior amosa unha elevada rotación no emprego, de feito, a media de contratos que rexistraron por persoa non deixou de medrar desde o 2009, sendo cada ano superior á do ano anterior chegando ao ano 2012 a que cada persoa contratada tivo unha media de 2,32 contratos.

Se tomamos como referencia o conxunto do período, observamos como este índice aumentou en 0,23 puntos durante os últimos cinco anos.



2.4.13. Mobilidade dos contratos por xénero en Galicia



En canto aos desprazamentos dos traballadores entre Galicia e o restos das comunidades autónomas, vemos como o número de persoas contratadas que saen é superior ás que entran, o que significa que Galicia é unha comunidade que exporta traballadores.

Por xénero, son os homes os que rexistran maiores proporcións na mobilidade territorial.

2.4.14. Contratos por sector económico

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
SECTOR PRIMARIO	17.510	5,14	3.142	0,98	20.652	3,12
SECTOR SECUNDARIO	33.545	9,85	20.745	6,45	54.290	8,20
SECTOR CONSTRUCIÓN	38.525	11,31	2.089	0,65	40.614	6,13
SECTOR SERVIZOS	250.904	73,69	295.868	91,93	546.772	82,55
Total	340.484	100	321.844	100	662.328	100

Polo que respecta á contratación nos diferentes sectores de actividade, tal e como acontecía en anos anteriores, o sector servizos e a actividade que concentra a maioría da contratación, en concreto 546.772 contratos, o que supuxo o 82,55% da totalidade da contratación rexistrada na nosa comunidade autónoma. O seguinte sector en importancia, pero a moita distancia, foi o da industria, cun peso porcentual do 8,20%, por detrás colócase a construción, obtendo o 6,13%, e xa por último o sector primario co menor peso específico, tan so o 3,12%.

Por xénero, apréciase que o sector servizos que foi prioritario en ambos os dous sexos, no caso das mulleres, case engloba a totalidade da contratación, exactamente o 91,93%, mentres que a súa presenza no sector primario e a construción é practicamente testemuñal, o 0,98% e 0,65%, respectivamente. No caso do colectivo masculino, a pesar do predominio do sector servizos, se que ten maior presenza a contratación no resto dos sectores, así na construción obteñen o 11,31%, no secundario o 9,85% e na agricultura e pesca o peso da contratación supuxo o 5,14%.



2.4.15. Evolución anual da contratación por sector económico

	2008	2009	2010	2011	2012	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	2012	% variación	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	23.876	21.280	20.924	21.643	20.652	-2.596	-10,87	-356	-1,67	719	3,44	-991	-4,58	-3,56
SECTOR SECUNDARIO	77.192	62.021	57.907	58.074	54.290	-15.171	-19,65	-4.114	-6,63	167	0,29	-3.784	-6,52	-8,42
SECTOR CONSTRUCIÓN	81.641	68.721	61.088	49.367	40.614	-12.920	-15,83	-7.633	-11,11	-11.721	-19,19	-8.753	-17,73	-16,02
SECTOR SERVIZOS	611.461	531.107	540.705	542.365	546.772	-80.354	-13,14	9.598	1,81	1.660	0,31	4.407	0,81	-2,76
Total	794.170	683.131	680.624	671.449	662.328	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-9.175	-1,35	-9.121	-1,36	-4,44

Se analizamos a evolución da contratación por sector económico nos últimos cinco anos, baseándonos nos datos que ofrece a táboa, observamos que o sector da construción foi o único que experimentou unha diminución xeneralizada ao longo de todo o período referido, rexistrando a variación media anual máis negativa (-16,02%). O resto dos sectores tamén finalizan o quinquenio cunhas variacións medias negativas, pero iso si, con porcentaxes máis moderadas cas da construción, isto foi debido a que houbo algún ano onde a contratación, aínda sen ser cifras significativas, aumentou; así no ano 2011 o sector primario tivo unha subida de 719 contratos (3,44%), e o sector secundario aumentou en 167 contratos, o que supuxo o 0,29%. O aumentou do sector servizos prodúcese nos dous últimos anos; no 2011 foi de 1.660 contratos (031%) e no 2012 a subida foi de 4.407 contratos, o 0,81%; aínda así non foi quen de evitar que a variación media anual rematara cunha cifra negativa de -2,76%.

Evolución anual dos contratos por sectores de actividade



2.4.16. Contratos por gran grupo de ocupación

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA)	56.370	16,56	12.803	3,98	69.173	10,44
DIRECTORES E XERENTES	1.001	0,29	546	0,17	1.547	0,23
EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	13.589	3,99	30.706	9,54	44.295	6,69
OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	88.385	25,96	77.298	24,02	165.683	25,02
OCUPACIÓNS MILITARES	83	0,02	20	0,01	103	0,02
OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E MONTADORES	40.555	11,91	10.878	3,38	51.433	7,77
TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELECTUAIS	32.575	9,57	33.929	10,54	66.504	10,04
TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	24.389	7,16	19.211	5,97	43.600	6,58
TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	9.487	2,79	2.018	0,63	11.505	1,74
TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	74.050	21,75	134.435	41,77	208.485	31,48
Total	340.484	100	321.844	100	662.328	100

A maioría da contratación rexistrouse no grupo de "traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores" (o 31,48%), seguido de cerca polo grupo de "ocupacións elementais" co 25,02%; de maneira que mais da metade da contratación se realizou nestes dous grandes grupos.

Por xénero, os grupos que predominaron na contratación feminina foron os mesmos que para a totalidade. Pero no caso dos homes a situación invértese, de maneira que é no grupo das "ocupacións elementais" onde máis contratación masculina se rexistra (25,96%), seguido de cerca polo grupo de "traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores" (21,75%).



2.4.17. Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación

Debido á posta en marcha da nova Clasificación Nacional de Ocupación CNO-11, non é posible realizar esta evolución

2.4.18. As dez ocupacións máis contratadas

Grupos primarios	Homes	Mulleres	Total	% Total
CAMAREIROS ASALARIADOS	44.436	43.182	87.618	13,23
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	24.117	17.359	41.476	6,26
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	7.081	34.113	41.194	6,22
PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	29.595	4.510	34.105	5,15
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	3.938	29.390	33.328	5,03
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES	14.300	4.075	18.375	2,77
COCIÑEIROS ASALARIADOS	4.500	7.891	12.391	1,87
AXUDANTES DE COCIÑA	2.427	8.118	10.545	1,59
ALBANEIS	10.114	67	10.181	1,54
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETEMENTO	3.361	6.557	9.918	1,50

Do total de contratos realizados en Galicia no 2012, vemos como case a metade (45,16%) da contratación se concentrou nestes dez grupos primarios. No primeiro lugar da lista figura a ocupación camareiros asalariados co 13,23%, seguida da de peóns das industrias manufactureiras co 6,26% e da de vendedores en tendas e almacéns co 6,22%.

Constatamos, tamén que, practicamente, son as mesmas ocupacións que xa figuraban nas listaxes dos anos anteriores, polo tanto coas mesmas características; é dicir, a maioría delas están encadradas no sector servizos, e, en xeral, responden a un baixo nivel de cualificación sen que en moitos casos se requiran coñecementos específicos. Ademais, trátanse de ocupacións con perfís marcadamente masculino ou feminino; así por exemplo no caso dos albaneis o número de mulleres contratadas foi insignificante, mentres que no caso do persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares a presenza de contratos femininos foi moi superior a masculina.



2.4.19. Perfil tipo do contratado en Galicia[1]

2.4.20. Perfil tipo da contratada en Galicia[1]

(2) Para elaborar os informes seguintes, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos en cada unha das distintas variables

2.5. FORMACIÓN

2.5.1. Número de cursos para desempregados que se impartiron en Galicia no ano 2012

FAMILIA	CURSOS	% TOTAL DE CURSOS
Actividades físicas e deportivas	9	1,04
Administración e xestión	110	12,75
Agraria	36	4,17
Artes e artesanías	2	0,23
Artes gráficas	22	2,55
Comercio e marketing	61	7,07
Edificación e obra civil	26	3,01
Electricidade e electrónica	19	2,20
Enerxía e auga	36	4,17
Fabricación mecánica	33	3,82
Hostelería e turismo	62	7,18
Imaxe e son	5	0,58
Imaxe persoal	7	0,81
Industrias alimentarias	9	1,04
Industrias extractivas	1	0,12
Informática e comunicacións	60	6,95
Instalación e mantemento	29	3,36
Madeira, moble e corcho	25	2,90
Marítimo pesqueira	7	0,81
Sanidade	77	8,92
Seguridade e medioambiente	12	1,39
Servizos socioculturais e á comunidade	125	14,48
Téxtil, confección e pel	5	0,58
Transporte e mantemento de vehículos	85	9,85
TOTAL	863	100,00

Na programación de cursos do ano 2012 para desempregados impartíronse en Galicia 863 cursos. Destes, 125 corresponderon á familia de "Servizos socioculturais e á comunidade", o que supuxo o 14,48%. A seguinte familia en importancia foi a de "Administración e xestión", a cal concentrou 110 cursos o que significa o 12,75%, seguida da de "Transporte e mantemento de vehículos" cunha cifra de 85 cursos, (9,85%). De modo que só tres familias englobaron o 37,08% da totalidade de especialidades formativas cursadas en Galicia. O resto das familias impartiron un número inferior de cursos, de feito houbo algunhas que nin chegaron ao 1% , sendo a familia de "Industrias extractivas" a que menos cursos impartiu, concretamente só un, o que supuxo o 0,12%.

Cursos por familia profesional



2.5.2. Cursos impartidos por familia profesional e provincia

FAMILIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Actividades físicas e deportivas	2	1	2	4
Administración e xestión	38	18	25	29
Agraria	13	7	10	6
Artes e artesanías		1		1
Artes gráficas	12	1	8	1
Comercio e marketing	23	11	6	21
Edificación e obra civil	10	6	7	3
Electricidade e electrónica	12		1	6
Enerxía e auga	10	7	9	10
Fabricación mecánica	10	2	2	19
Hostelería e turismo	18	10	19	15
Imaxe e son	3			2
Imaxe persoal	3		2	2
Industrias alimentarias			1	8
Industrias extractivas	1			
Informática e comunicacións	14	3	8	35
Instalación e mantemento	5	4	9	11
Madeira, moble e corcho	11	7		7
Marítimo pesqueira	3			4
Sanidade	14	26	27	10
Seguridade e medioambiente	2		4	6
Servizos socioculturais e á comunidade	46	27	26	26
Téxtil, confección e pel	4			1
Transporte e mantemento de vehículos	12	6	10	57
Total	266	137	176	284

Na táboa anterior obsérvase como as familias tiveron unha representación desigual dependendo da provincia; de feito as provincias máis poboabas rexistraron un maior número de cursos, concretamente neste ano concentraron o 63,73% da totalidade. Por outra banda, segundo a familia priorízase unha determinada provincia impartindo máis cursos que o resto; ou polo contrario, hai provincias que non imparten ningún curso dunha familia; así por exemplo do primeiro caso está a familia de "Transporte e mantemento de vehículos" onde Pontevedra é a provincia que saíu máis beneficiada impartindo o 67% dos cursos desta familia; e como exemplo do segundo caso estaría a familia de "Artes e artesanía" a cal non se programou nin na Coruña nin en Ourense, ou "Industrias alimentarias que non se programou nin na Coruña nin en Lugo.

Cursos por familia profesional e provincia



2.5.3. Alumnos formados por familia profesional

FAMILIA	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
Actividades físicas e deportivas	93	47	140	66,43	33,57
Administración e xestión	442	1309	1751	25,24	74,76
Agraria	387	170	557	69,48	30,52
Artes e artesanías	17	20	37	45,95	54,05
Artes gráficas	182	164	346	52,60	47,40
Comercio e marketing	419	549	968	43,29	56,71
Edificación e obra civil	374	43	417	89,69	10,31
Electricidade e electrónica	266	23	289	92,04	7,96
Enerxía e auga	527	22	549	95,99	4,01
Fabricación mecánica	471	41	512	91,99	8,01
Hostelería e turismo	358	588	946	37,84	62,16
Imaxe e son	53	26	79	67,09	32,91
Imaxe persoal	2	112	114	1,75	98,25
Industrias alimentarias	26	91	117	22,22	77,78
Industrias extractivas	14	1	15	93,33	6,67
Informática e comunicacións	564	372	936	60,26	39,74
Instalación e mantemento	427	20	447	95,53	4,47
Madeira, moble e corcho	320	57	377	84,88	15,12
Marítimo pesqueira	80	24	104	76,92	23,08
Sanidade	113	1.105	1.218	9,28	90,72
Seguridade e medioambiente	149	42	191	78,01	21,99
Servizos socioculturais e á comunidade	252	1.692	1.944	12,96	87,04
Téxtil, confección e pel	2	81	83	2,41	97,59
Transporte e mantemento de vehículos	956	273	1.229	77,79	22,21
Total	6.494	6.872	13.366	48,59	51,41

En relación cos alumnos formados por familia profesional, en Galicia no ano 2012 formáronse un total de 13.366 desempregados, dos que 6.494 eran homes (48,59%) e 6.872 eran mulleres (51,41%). Se atendemos a clasificación do alumnado segundo familia profesional, resulta lóxico que naquelas familias onde se impartiron máis accións formativas sexan as que máis alumnos concentren; deste xeito destacan "Servizos socioculturais e á comunidade" (14,54%), "Administración e xestión" (13,10%) e "Transporte e mantemento de vehículos" (9,19%).

Por outra banda, desde a perspectiva do xénero, vemos como dependendo da familia hai maior presenza de homes ou de mulleres, segundo o caso, así, por exemplo, nas familias de "Imaxe persoal" ou de "Sanidade" hai un preeminencia absoluta das mulleres, 98,25% e 90,72%, respectivamente; en cambio nas familias de "Instalación e mantemento" e na de "Enerxía e auga" hai unha asistencia maioritaria dos homes, 95,53% e 95,99%, respectivamente. Pola contra, aquelas familias onde a representación de ambos os dous sexos sexa parecida son as menos, na de "Artes e artesanía" e "Comercio e marketing" foi onde se deu maior paridade.

Alumnos formados por familia profesional



2.5.4. Alumnos formados por idade

IDADE	Homes	Mulleres	Total
MENOR DE 25	1.373	937	2.310
25 A 45	4.324	4.823	9.147
MAIOR DE 45	797	1.112	1.909
Total	6.494	6.872	13.366

No cadro anterior establécese o número de alumnos por idade, o grupo máis numeroso foi o de 25 a 45 anos, os cales acapararon o 68,43%; o seguinte grupo de idade foi o que comprendía os menores de 25 anos co 17,28%; por último, os maiores de 45 anos supuxeron o 14,28%.

Por sexo, tanto no caso dos homes como no das mulleres, o grupo de alumnos entre 25 e 45 anos foron os que máis participaron en cursos; pero nos outros grupos de idade, si houbo diferenzas; así mentres o colectivo masculino tiña máis alumnos menores de 25 anos cursando especialidades formativas (21,14%) que maiores de 45 (12,27%); no caso das mulleres ocorre xustamente o contrario, as mulleres maiores de 45 anos tiveron máis representación (16,18%) que as menores de 25.

Porcentaxe de alumnos formados por idade



	Homes	Mulleres	Total
MENOR DE 25	21,14	13,64	17,28
25 A 45	66,58	70,18	68,43
MAIOR DE 45	12,27	16,18	14,28

A Coruña
Lugo
Pontevedra
Ourense

3. COLECTIVOS

3.1. MULLERES

3.1.1. Datos demográficos

	Total	Mulleres	% mulleres sobre o total	Variación 11/10
A Coruña	1.143.911	593.902	51,92	-1.746
Lugo	348.902	179.366	51,41	-1.310
Ourense	330.257	171.082	51,80	-1.605
Pontevedra	958.428	493.820	51,52	-3.000
GALICIA	2.781.498	1.438.170	51,70	-7.661
ESPAÑA	**47.265.321**	**23.966.965**	**50,71**	**172.119**

Segundo as cifras oficiais do Padrón Municipal de Habitantes, referidas o día 1 de xaneiro de 2012, a poboación feminina ascendía a 1.438.170 persoas, o 51,70% da poboación total; proporción que se sitúa un punto por riba da do Estado. Así pois, as mulleres son maioría tanto no conxunto da poboación galega como en todas as provincias, sendo a da Coruña a que rexistra a maior proporción, aínda que as diferenzas entre elas son mínimas.

Respecto ao ano anterior, a poboación feminina galega reduciuse en 7.661 mulleres (-0,53%), mentres que no Estado aumentou en 172.119 persoas (0,72%).



Porcentaxe de mulleres na poboación no ano 2012



- 47,1 – 48,41
- 48,42 – 50,46
- 50,47 – 51,51
- 51,7 – 52,94

3.1.2. EPA (Enquisa de poboación activa)

	Taxa de actividade	Taxa de paro	Taxa de ocupación
A Coruña	51,80	20,90	41,00
Lugo	46,60	18,10	38,20
Ourense	43,00	22,90	33,20
Pontevedra	48,50	25,30	36,20
GALICIA	49,01	22,25	38,11
ESPAÑA	**53,39**	**27,61**	**38,65**

Fonte: Instituto Galego de Estatística. EPA. Cifras do primeiro trimestre de 2013

A taxa de actividade das mulleres no primeiro trimestre do ano 2013 foi de 49%; 4,39 puntos por debaixo da do Estado.
Por provincias, destaca A Coruña coa porcentaxe máis alta, case 3 puntos por riba da media de Galicia, mentres que Ourense rexistrou a cifra máis baixa co 43%.
A taxa de paro das mulleres galegas neste mesmo período foi do 22,20%, máis de 5 puntos por debaixo da de España.
Por provincias, destaca a de Pontevedra coa taxa máis alta de paro, concretamente o 25,30%, mentres que a de Lugo foi a máis baixa co 18,10%, dándose unha diferenza entre elas de 7,20 puntos.
A taxa de ocupación feminina en Galicia foi do 38,10%, o que estaba nunha cifra similar á de España.
Por provincias, A Coruña foi a que rexistrou a maior taxa de ocupación (41%), mentres que Ourense se situou no 33,20%.



3.1.3. Afiliación

	RÉXIME XERAL (Non inclúe S.E. Agrario e S.E. E. Fogar)	RÉXIME XERAL - Sistema Especial Agrario	Réxime mar	RÉXIME XERAL - Sistema Especial Empregados do Fogar	Réxime autónomos
A Coruña	141.258	400	1.636	11.432	37.027
Lugo	36.085	313	181	3.401	16.126
Ourense	33.768	54	0	3.263	10.216
Pontevedra	106.993	465	3.989	8.464	27.088
GALICIA	318.104	1.232	5.806	26.560	90.457
ESPAÑA	**5.782.254**	**340.978**	**8.876**	**393.675**	**1.043.236**

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos referidos a 31 de decembro de 2012

Polo que se refire á afiliación das mulleres galegas no 2012, como era de esperar, hai un predominio absoluto do réxime xeral, en concreto, case tres de cada catro traballadoras estaban incluídas neste réxime (excluíndo os sistemas especiais agrarios e do fogar). No seguinte lugar sitúanse as autónomas co 20,46% das afiliacións, e o resto dos réximes representan unhas porcentaxes moi residuais.

Dentro das provincias, a cifra máis alta de afiliadas encóntrase nas da Coruña e Pontevedra, rexistrando maior número de afiliadas A Coruña no réxime xeral, no sistema especial de empregados de fogar e no réxime de autónomos, mentres que nos restantes destaca Pontevedra.

Afiliación segundo réxime e provincia



Se nos centramos na variación interanual, observamos como todos os réximes diminuíron o número de afiliadas neste último ano, agás un aumento de 23 traballadoras no sistema especial agrario na provincia de Lugo e tamén no sistema especial de empregados do fogar que si que creceu de maneira notable nas catro provincias. A explicación a este comportamento positivo de sistema especial de empregados do fogar probablemente sexa debido aos cambios que se produciron na Seguridade Social, onde a partir do 1 de xaneiro de 2012 os empregados do fogar se integraron no réxime xeral.



As dez actividades máis destacadas entre as asalariadas e as autónomas. (CNAE-09 2 díxitos)

Do estudo dos datos que nos ofrece o gráfico anterior, concluímos que estas dez actividades aglutinaron o 68,75% da totalidade da afiliación, figurando no primeiro lugar (tal e como acontecía no ano anterior) a actividade económica de "Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas" co 16,19%, seguido das "Actividades sanitarias" co 12,25% e a "Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria co 9,97%.

As dez actividades máis destacadas entre as mulleres afiliadas no réxime especial de autónomos.

CNAE-09	Mulleres	Peso relativo
Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	21.360	23,61
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	20.261	22,40
Servizos de comidas e bebidas	11.392	12,59
Outros servizos persoais	6.318	6,98
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	3.357	3,71
Actividades sanitarias	2.570	2,84
Educación	2.300	2,54
Actividades xurídicas e de contabilidade	1.764	1,95
Industria da alimentación	1.542	1,70
Actividades auxiliares dos servizos finaceiros e aos seguros	1.510	1,67

No caso das dez actividades económicas máis destacadas entre as mulleres afiliadas autónomas, o comportamento mantense practicamente inalterable respecto ao ano anterior. Así mesmo, tamén presenta, como sucedía no caso das asalariadas, unha alta concentración de actividades, de xeito que o 80% das autónomas se encadraron nestas dez actividades. Sendo a actividade de "Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionadas con elas" a máis destacada co 23,61% da totalidade seguida moi de cerca pola de "Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas" co 22,40%.

3.1.4. Demandantes paradas

	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
A Coruña	54.970	55.005	109.975	49,98
Lugo	13.231	14.708	27.939	47,36
Ourense	15.489	14.918	30.407	50,94
Pontevedra	56.792	53.674	110.466	51,41
GALICIA	140.482	138.305	278.787	50,39
ESPAÑA	**2.440.816**	**2.407.907**	**4.848.723**	**50,34**

A cifra total de mulleres desempregadas rexistradas nas oficinas de emprego da nosa comunidade autónoma o 31 de decembro de 2012 era de 140.482, o que supoñía o 50,39% da totalidade dos parados. Porcentaxe moi semellante a do Estado.

Por provincias, tanto Lugo como A Coruña presentan porcentaxes de paradas inferiores as da media de Galicia, mentres que Ourense e, sobre todo, Pontevedra superaron a media de Galicia.

Variación 2011/10 de demandantes paradas por provincia



No que atinxe á variación interanual, observamos un significativo aumento das paradas galegas en todas as provincias, resultando un crecemento na totalidade de Galicia dun 6,06%. Ourense é a provincia onde, en termos relativos, máis aumentou o número de mulleres que buscan emprego (7,22%), pola contra, A Coruña foi onde menos medrou, concretamente o 5,50%.

Porcentaxe do paro feminino rexistrado no ano 2012



- 32,95 – 40,59
- 40,60 – 46,19
- 46,20 – 50,04
- 50,7 – 56,22

As dez actividades máis destacadas entre as mulleres paradas (CNAE-09 2 díxitos)

Se analizamos as actividades máis destacadas entre as mulleres paradas, vemos como estas dez actividades concentran o 62,53% das desempregadas galegas. Delas a actividade que ten maior presenza é a de "Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas" co 12,60%, seguida da de "servizos de comidas e bebidas" co 11,78% e en terceiro lugar figuran as desempregadas sen emprego anterior que supón un peso de 11,23%. Por outra parte, a gran maioría son actividades do sector servizos.

3.1.5. Contratación

	Mulleres	Homes	Total	%
A Coruña	141.403	138.950	280.353	50,44
Lugo	32.169	33.521	65.690	48,97
Ourense	26.490	24.916	51.406	51,53
Pontevedra	121.782	143.097	264.879	45,98
GALICIA	**321.844**	**340.484**	**662.328**	**48,59**
ESPAÑA	**6.703.065**	**7.537.926**	**14.240.991**	**47,07**

No ano 2012, formalizáronse 321.844 contratos a mulleres, o que supuxo o 48,59% da contratación total que se rexistrou en Galicia. Esta proporción significa que en Galicia a contratación feminina ten máis peso que no Estado. Por outra banda, as diferenzas entre homes e mulleres van acurtándose ano a ano aínda que os homes seguen gozando dunha posición máis favorable.

Por provincias, Ourense foi onde a contratación feminina tivo máis peso, o 51,53% seguida moi de cerca pola da Coruña co 50,44%, mentres que a provincia que saíu peor parada foi a de Pontevedra onde as mulleres so acadaron o 45,98% da contratación total da provincia.

Variación 2012/11 da contratación feminina



Analizando a variación da contratación feminina, o máis salientable é que esta foi negativa para Galicia (-1,51%); aínda que non todas as provincias presentan un comportamento negativo; así mentres Lugo e A Coruña aumentaron a contratación 0,16% e 3,49%, respectivamente; Ourense foi a que rexistrou a maior variación interanual negativa (-7,68%), seguida da de Pontevedra co -3,20%.

Porcentaxe de contratos nas mulleres no ano 2012.



- 30.7 – 38,34
- 38,35 – 45,43
- 45,44 – 51,02
- 51,5 – 58,44

3.2. MENORES DE 30 ANOS

3.2.1. Datos demográficos

	Poboación total	Menores 30 anos	% <30 anos sobre o total	Variación 12/11
A Coruña	1.143.911	302.022	26,40	-6.523
Lugo	348.902	82.150	23,55	-2.171
Ourense	330.257	77.053	23,33	-1.727
Pontevedra	958.428	275.407	28,74	-6.274
GALICIA	2.781.498	736.632	26,48	-16.695
ESPAÑA	**47.265.321**	**14.944.682**	**31,62**	**-165.227**

Segundo os datos do Padrón Municipal referidos a 1 de xaneiro de 2012, a poboación menor de 30 anos acadaba en Galicia 736.632 persoas, o que representaba o 26,48% do total da poboación, sendo o peso demográfico dos mozos galegos inferior ao do conxunto do Estado onde a proporción foi superior en máis de cinco puntos (31,62%).

Por provincias, observamos, unha vez máis, diferenzas entre as provincias occidentais e as orientais; así Pontevedra é a provincia onde o peso da mocidade é maior, o 28,74%, seguido da Coruña co 26,40%. Pola contra, o resto das provincias a mocidade supón a redor do 23% da totalidade.

Porcentaxes de poboación menor de 30 anos



Variación 2012/11 da poboación menor de 30 anos



En relación coa evolución do último ano o número de mozos galegos presenta unha tendencia negativa, deste xeito, os mozos galegos rexistraron un descenso do -2,43%, mentres que no Estado a diminución de mozos foi de -1,47%.

O comportamento provincial foi bastante homoxéneo, entres elas e con respecto ao total de Galicia. De feito, as catro provincias rexistran unha perda do peso demográfico dos mozos de arredor do -2,5%.

Porcentaxe de poboación dos menores de 30 anos en 2012



- 13,9 – 19,48
- 19,49 – 23,08
- 23,0 – 27,03
- 28,5 – 29,98

3.2.2. EPA (Enquisa de poboación activa)

Taxas de actividade, ocupación e paro dos menores de 30 anos

	Taxa de actividade			Taxa de ocupación			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	53,79	55,19	52,57	34,96	34,99	34,80	35,01	36,08	33,80
Lugo	57,85	60,26	55,05	34,19	34,50	34,34	40,89	42,75	38,53
Ourense	54,64	57,34	51,48	33,76	35,78	30,18	38,68	37,60	40,23
Pontevedra	58,43	59,47	57,23	33,63	33,98	33,55	42,31	43,09	41,39
GALICIA	56,04	57,71	54,36	34,26	34,64	33,89	38,88	39,89	37,66

Fonte Instituto Galego de Estatística. Primeiro trimestre de 2013

Segundo os datos do primeiro trimestre de 2013, a taxa de actividade dos menores de 30 anos foi de 56,04%. Por sexo, obsérvase que a taxa de actividade foi maior no colectivo masculino, 57,71%, fronte a 54,36% do colectivo feminino, o que supón unha diferenza de 3,35 puntos.

Por provincias, as que teñen as taxas de actividade máis alta son as de Pontevedra e Lugo, 58,43% e 57,85, respectivamente; pola contra, A Coruña é a que rexistra a taxa máis baixa (53,79%).

A taxa de ocupación dos mozos galegos menores de 30 anos foi de 34,26%. Por sexo, a taxa de ocupación masculina foi de 34,64% e a feminina de 33,89%, sendo a diferenza de 0,75 puntos a favor dos homes.

Por provincias, destaca A Coruña coa taxa de ocupación máis alta (34,96%) e Pontevedra coa máis baixa (33,63%).

A taxa de paro situouse no 38,88%, o que significa que esta taxa non deixou de medrar nos últimos tempos; se a comparativa se fai por sexo, os datos aínda son máis desfavorables para os homes; así, a taxa de paro dos mozos foi de 39,89% , e a feminina foi de 37,66%, sendo a diferenza de 2,23 puntos.

Por provincias, a que rexistrou a taxa máis alta foi a de Pontevedra co 42,31%, mentres que A Coruña foi a que a tivo máis baixa (35,01%).



3.2.3. Afiliacións

	Réxime Especial do Mar	RÉXIME XERAL - Sistema Especial Agrario	Réxime Especial Autónomos	RÉXIME XERAL - Sistema Especial Empregados do Fogar	RÉXIME XERAL (non inclúe S.E. Agrario nin S.E.E. do Fogar)
A Coruña	918	324	5.159	653	44.436
Lugo	130	343	2.118	175	11.515
Ourense	0	62	1.830	161	10.259
Pontevedra	876	216	4.418	575	33.136
Non consta	11	12	75	40	33
GALICIA	1.935	957	13.600	1.604	99.379

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos referidos a 31 de decembro de 2012

Polo que se refire aos afiliados en alta no sistema de Seguridade Social dos menores de 30 anos, e tal e como acontecía en anos anteriores, a maioría concéntranse no réxime xeral (84,60%), en segundo lugar está o réxime especial de autónomos, pero cun peso moito menor, o 11,58%, seguido do réxime especial do mar co 1,65%, os sistemas especiais agrario e o de empregados do fogar acadan algo máis do 2%.

Por provincias, hai un predominio da Coruña, a cal rexistra o maior número de afiliados en todos os réximes, agás no sistema especial agrario onde é Lugo a que conta con máis afiliados.

Distribución dos afiliados menores de 30 anos por réximes da Seguridade Social



Participación dos menores de 30 anos na afiliación segundo réxime sobre o total de Galicia



Se temos en conta a presenza dos mozos galegos afiliados aos distintos réximes, observamos que onde maior proporción de mozos afiliados hai é no sistema especial agrario co 21,04%, seguido do réxime xeral (sen incluír os SSEE agrario e do fogar) co 15,29%. No resto dos réximes as porcentaxes que supoñen respecto aos traballadores de todas as idades son moito máis reducidas e oscilan entre o 9,18% do réxime especial do mar e o 5,89% do sistema especial do empregados de fogar.

Variación 2012/11 de afiliados menores de 30 anos



Analizando a evolución do último ano, vemos como todos os réximes acusaron unha tendencia negativa na afiliación, agás o sistema especial de empregados do fogar, e en todas as provincias; sendo o réxime xeral sen os sistemas especiais o que rexistra o maior descenso (-14,48%). Por outra banda, e respecto ao aumento espectacular de réxime de empregados do fogar, este pode ser debido aos devanditos cambios xa mencionados en anteriores parágrafos.

As dez actividades máis importantes entre os asalariados menores de 30 anos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia

As dez actividades máis destacadas entre os asalariados menores de 30 anos



Analizando as dez actividades que rexistraron máis altas na seguridade social, vemos que practicamente son as mesmas que as do ano anterior. A actividade de "Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas" é a que máis altas tivo co 17,05%; seguido da de "Servizos de comidas e bebidas" co 12,15%, o que significa que tan solo dúas actividades concentran máis do 25% dos mozos afiliados e en alta.

As dez actividades máis destacadas entre os menores de 30 anos autónomos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia

CNAE	Descrición	Total	Porcentaxe
56	Servizos de comidas e bebidas	2.257	16,60
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	2.082	15,31
43	Actividades de construción especializada	1.290	9,49
1	Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	1.064	7,82
96	Outros servizos persoais	776	5,71
46	Comercio por xunto e intermediarios, agás vehículos de motor e motocicletas	646	4,75
86	Actividades sanitarias	528	3,88
41	Construción de edificios	524	3,85
49	Transporte terrestre e por tubaxe	512	3,76
45	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	509	3,74

Analizando as actividades que rexistraron máis altas nos autónomos, vemos que, tal como sucedía no apartado anterior, tamén aquí se repiten as mesmas actividades que no ano anterior e con porcentaxes moi parecidas. Encabeza a listaxe a actividade "servizos de comidas e bebidas" co 16,60%, séguelle en importancia "comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas co 15,31% e polas "actividades de construción especializada co 9,49%, isto supón que case a metade dos mozos autónomos están encadrados nestas tres actividades.

3.2.4. Demandantes parados menores de 30 anos

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	10.053	8.907	18.960
Lugo	2.998	2.651	5.649
Ourense	2.916	2.651	5.567
Pontevedra	10.452	9.420	19.872
GALICIA	26.419	23.629	50.048

O número total de parados menores de 30 anos inscritos nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia o 31 de decembro de 2012 ascendía a 50.048, dos que 23.629 eran mulleres (47,21%) e 26.419 homes (52,79%); deste xeito comprobamos que o peso dos desempregados foi superior ao das desempregadas en case 6 puntos. Se comparamos estas cifras co conxunto de parados galegos, os mozos representaban o 17,95% do total.

Por provincias, como era de esperar, Pontevedra e A Coruña concentran o 80% da totalidade dos mozos parados, no resto das provincias o desemprego xuvenil repártense por igual.





Se nos centramos na variación do desemprego xuvenil no último ano, observamos unha leve diminución, concretamente de -2,50%. Por provincias o comportamento do desemprego non foi homoxéneo, de feito, mentres Pontevedra acadaba unha diminución dos desempregados de -4,30% e A Coruña de -2,53% as provincias orientais rexistraron un aumento do 1,55% co caso de Ourense e de 0,30% no de Lugo.

Variación 2012/11 de parados menores de 30 anos



Porcentaxe de parados menores de 30 anos en 2012



- 14,14 – 15,78
- 15,79 – 18,3
- 18,4 – 20,68
- 22,05 – 23,48

Demandantes parados menores de 30 anos por nivel formativo

	Ata certificado de escolaridade	BUP / bacharelato superior / COU	Formación profesional	Outras titulacións	Titulación ensino obrigatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	6.564	1.103	4.054	13	4.300	2.926	18.960
Lugo	2.020	290	1.205	4	1.180	950	5.649
Ourense	1.875	454	1.004	5	1.370	859	5.567
Pontevedra	6.862	1.052	4.284	9	5.473	2.192	19.872
GALICIA	17.321	2.899	10.547	31	12.323	6.927	50.048

En canto ao nivel de estudos dos mozos desempregados galegos, podemos dicir, á vista dos datos que a maioría se encadran nas titulacións máis básicas; así, un de cada dous tiñan titulación de ensino obrigatorio ou ata certificado de escolaridade. No lado oposto sitúanse os que posuían BUP/bacharelato superior/COU que acadaban o 5,6% do total, bastante por debaixo dos titulados universitarios que tiveron un peso do 13,8%.

Porcentaxe de parados menores de 30 anos por nivel formativo



Participación dos parados menores de 30 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia



Se analizamos a porcentaxe que supoñen os parados menores de 30 anos respecto ao total de desempregados galegos, destaca o grupo de formación profesional onde os mozos representan o 26,01%, seguido dos titulados universitarios onde supoñen o 23,94%. Polo contrario, no colectivo con titulación de BUP/bacharelato superior/COU foi onde menos incidencia tiveron, tan solo o 13,36%.

Demandantes parados de 30 anos por antigüidade na demanda

	<= 1 mes	de 1 a 3 meses	de 3 a 6 meses	de 6 a 12 meses	de 12 a 24 meses	máis de 24 meses	Total
A Coruña	2.577	5.168	3.899	3.242	2.666	1.408	18.960
Lugo	705	1.613	1.152	942	843	394	5.649
Ourense	661	1.664	1.086	1.016	754	386	5.567
Pontevedra	2.414	5.701	3.794	3.444	2.989	1.530	19.872
GALICIA	6.357	14.146	9.931	8.644	7.252	3.718	50.048

A táboa anterior onde figuran os menores de 30 anos segundo o tempo que levaban na procura dun emprego, reflicte que o grupo maioritario é aquel que levaba parado de 1 a 3 meses co 28,26%; seguido dos que tiñan unha antigüidade de 3 a 6 meses de de 6 a 12 meses, ambos os dous con porcentaxes moi semellantes, concretamente 19,84% e 17,27%, respectivamente. No lado oposto, atópase o colectivo que levaba máis de 24 meses parados, reducíndose o seu número de xeito notable , supoñendo o 7,42%.

Porcentaxe de parados menores de 30 anos por antigüidade no paro





Polo que atinxe á participación dos parados menores de 30 anos no conxunto de desempregados galegos, onde máis incide o paro xuvenil é no grupo que buscan emprego de 1 a 3 meses (29,73%), tamén rexistran porcentaxes semellantes nos grupos de 3 a 6 meses e no de 1 mes, 26,23% e 26.32%, respectivamente. En cambio, a medida que o tempo de permanencia no desemprego aumenta a proporción de mozos parados diminúe, así no último tramo, máis de 24 meses, é onde rexistran os índices de participación máis baixo, o 5,37%.

As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os parados menores de 30 anos

CNAE	Descrición	Parados	Porcentaxe
00	Sen emprego anterior	8.969	17,92
56	Servizos de comidas e bebidas	5.548	11,09
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	4.903	9,80
43	Actividades de construción especializada	3.547	7,09
78	Actividades relacionadas co emprego	2.396	4,79
41	Construción de edificios	1.809	3,61
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1.595	3,19
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.458	2,91
85	Educación	1.038	2,07
96	Outros servizos persoais	1.010	2,02

Se analizamos as dez actividades máis demandadas, a táboa amósanos que o máis destacable é que un número importante de mozos buscan o seu primeiro emprego (17,92%), a seguinte actividade en importancia foi a de servizos de comidas e bebidas co 11,09% e a de "comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas co 9,80%. Por outra parte, agás dúas actividades que están encadradas no sector da construción o resto pertencen ao sector servizos

As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os parados menores de 30 anos

As dez ocupacións máis demandadas entre os menores de 30 anos

Ocupacións	Homes	Mulleres	Total	%
DEPENDENTES DE COMERCIO, EN XERAL	629	5.197	5.826	11,64
CAMAREIROS, EN XERAL	1.177	1.784	2.961	5,92
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS, EN XERAL	530	1.639	2.169	4,33
PEÓNS DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	1.360	12	1.372	2,74
MOZOS DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN E/OU MERCADO DE ABASTOS	1.311	60	1.371	2,74
CARPINTEIROS , EN XERAL	1.297	29	1.326	2,65
PEÓNS DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	981	299	1.280	2,56
REPOÑEDORES DE HIPERMERCADO	633	478	1.111	2,22
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR , EN XERAL	148	928	1.076	2,15
INSTALADORES ELECTRICISTAS, EN XERAL	873	7	880	1,76

Se nos fixamos na listaxe de ocupacións máis demandadas, vemos como un de cada tres mozos demandou unha destas dez actividades. Encabeza a listaxe a ocupación dependentes de comercio, en xeral, co 11,64% das ocupacións solicitadas, en segundo lugar (pero xa coa metade de demandas) figura a de camareiros, en xeral co 5,92% do total, e en terceiro lugar atópase a de empregados administrativos, en xeral co 4,33%.

Constátase tamén, que volven repetirse as mesmas ocupacións que o ano anterior e con porcentaxes moi parecidas. Son ocupacións de escasa cualificación, como a de repoñedores de hipermercado, onde moitas delas non requiren coñecementos específicos. Por outra banda, a gran maioría son ocupacións fortemente feminizadas ou masculinizadas, segundo o caso, e onde as que teñen un número semellante de demandantes de ambos os dous sexos son as menos.

Contratación a menores de 30 anos

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	48.245	54.342	102.587
Lugo	12.356	13.423	25.779
Ourense	9.434	10.138	19.572
Pontevedra	49.268	43.092	92.360
GALICIA	119.303	120.995	240.298

O número de contratos comunicados polos mozos menores de 30 anos nas nosas oficinas de emprego ao longo de 2012 foi de 240.298, o que supuxo 22.454 contratos menos con respecto ao ano anterior. Da totalidade dos contratos o 49,65% foi contratación masculina e o 50,35% feminina. Esta proporción significa que nos últimos anos as diferenzas entre ambos os dous sexos se foron reducindo a favor das mulleres.

Por provincias, destaca A Coruña, a cal rexistrou 102.587 contratos (42,69%), seguida da de Pontevedra con 92.360 contratos (38,43%), séguelle Lugo con 25.779 (10,73%), e por último Ourense con 19.572 (8,14%), de maneira que, un ano máis, as dúas provincias atlánticas concentran máis do 80% da contratación xuvenil.

contratación menores de 30 anos por sexo



Participación da contratación dos menores de 30 anos sobre o total de Galicia



Analizando a presenza da contratación xuvenil na totalidade da contratación, observamos como aquela supuxo o 36,28%; o que significa, que aproximadamente un de cada tres contratos que se asinaron en Galicia se fixo cun menor de 30 anos. Se comparamos este dato co dos anos precedentes, vemos como o peso deste colectivo na contratación foi diminuíndo paulatinamente.

Variación 2012/11 da contratación entre menos de 30 anos



Os datos sobre a variación interanual mostran que a contratación rexistrou un descenso de -8,55%, pero esta perda de contratos non afectou por igual a todas as provincias; así Ourense foi a que saíu peor parada presentando a maior redución (-15,24%), mentres que en Lugo o descenso foi algo máis moderado (-2,65%).

Porcentaxe de contratos dos menores de 30 anos no ano 2012



- 25.2 – 29.33
- 29.34 – 35,86
- 35.87 – 39,11
- 40,3 – 46,14

Contratos por tipoloxía entre menores de 30 anos

	Indefinido	Indefinido tempo parcial	Outros	Prácticas/Formación	Temporal	Temporal tempo parcial	Total
A Coruña	4.550	2.328	895	3.078	49.945	41.791	102.587
Lugo	1.628	604	495	703	13.302	9.047	25.779
Ourense	1.120	549	129	807	9.753	7.214	19.572
Pontevedra	3.354	1.803	1.541	2.351	50.754	32.557	92.360
GALICIA	10.652	5.284	3.060	6.939	123.754	90.609	240.298

No que respecta aos contratos por tipoloxía, o comportamento foi semellante ao dos anos anteriores, é dicir, hai un predominio absoluto da contratación temporal, tanto a xornada completa como a tempo parcial, 51,5% e 37%, respectivamente. De maneira que a contratación temporal acapara máis do 90% da totalidade. No lado oposto, os contratos indefinidos supuxeron o 4,43% aqueles que tiñan xornada completa e os de a tempo parcial o 2,20%. Por último o contrato de prácticas/formación (contrato pensado para a xente moza e tamén temporal) supuxo o 2,89% da contratación.

Distribución da contratación por tipoloxía entre os mozos menores de 30 anos



Participación da contratación dos menores de 30 anos por tipoloxía sobre o total de Galicia



No que respecta á participación da contratación dos menores de 30 anos por tipoloxía, o primeiro aspecto destacable é o protagonismo case exclusivo dos mozos nos contratos en prácticas/formación, algo lóxico, xa que esta modalidade de contratación está orientada para eles. En segundo lugar, encóntrase a contratación temporal a tempo parcial cunha participación xuvenil do 42,25%, seguida da modalidade indefinido a tempo parcial, onde a incidencia xuvenil foi do 33,71%.

Índice de rotación

	Contratos	Contratados	Índice de rotación
Homes	119.303	50.466	2,36
Mulleres	120.995	52.263	2,32
Total	240.298	102.729	2,34

O índice de rotación entre os mozos menores de 30 anos no ano 2012 foi de 2,34 contratos por persoa, rexistrándose un aumento de 0,17 puntos respecto ao ano anterior. Por outra parte, o que o índice de rotación non deixe de medrar nos últimos anos está vinculado a unha alta temporalidade.

Por xénero vemos como os homes rexistran uns niveis máis altos de rotación no emprego que as mulleres; (2,36 contratos fronte as mulleres 2,32) ao contrario do que acontecía no ano anterior onde eran as mozas as que saían máis prexudicadas.

Contratos por nivel formativo entre os menores de 30 anos

	Ata certificado de escolaridade	BUP / bacharelato superior / COU	Formación profesional	Titulación ensino obrigatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	20.213	19.429	13.431	37.983	11.191	102.587
Lugo	6.420	2.744	3.356	10.386	2.793	25.779
Ourense	3.662	3.493	1.962	7.920	2.476	19.572
Pontevedra	20.007	11.564	11.236	42.099	7.196	92.360
GALICIA	50.302	37.230	29.985	98.388	23.656	240.298

Analizando os contratos por nivel formativo, tal como acontecía cos contratos realizados para o conxunto da poboación, os mozos con titulación de ensino obrigatorio foron os que máis contratos realizaron (40,94%), seguido, pero xa a bastante distancia, do grupo de "ata certificado de escolaridade" co 20,93%, de xeito que máis do 60% da contratación efectuouse con mozos con baixo nivel de cualificación.

Distribución da contratación por nivel formativo entre os mozos menores de 30 anos



Participación da contratación dos menores de 30 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia



Se comparamos os datos da contratación de menores de 30 anos coa totalidade da contratación de Galicia, cabe dicir que a maior porcentaxe de contratos atópase no grupo que posuían formación profesional (42,29%), seguido moi de cerca polo tramo de BUP/bacharelato superior/COU, onde a participación foi do 41,86% e polos titulados universitarios cunha proporción semellante (41,79%). Nos tramos con titulación máis baixa a incidencia dos contratos a menores é menor.

Mobilidade dos contratados menores de 30 anos en Galicia



En canto á mobilidade entre os mozos menores de 30 anos, producíronse máis saídas de traballadores cara a outras comunidades dos que entraron en Galicia; de xeito que o saldo foi negativo. Por xénero os homes presentaron unha taxa de mobilidade superior á das mulleres.

As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes na contratación dos menores de 30 anos

CNAE	Descrición	Contratos	Porcentaxe
56	Servizos de comidas e bebidas	39.798	16,56
78	Actividades relacionadas co emprego	36.048	15,00
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	23.597	9,82
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	9.517	3,96
55	Servizos de aloxamento	8.680	3,61
85	Educación	8.134	3,38
93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	8.105	3,37
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	7.494	3,12
43	Actividades de construción especializada	6.968	2,90
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	6.305	2,62

As dez actividades con maior contratación nos menores de 30 anos, que coinciden coas dos anos anteriores, aglutinan o 64,36% do total, estando a maioría delas encadradas no sector servizos. En primeiro lugar destaca a actividade de servizos de comidas e bebidas, a cal supón o 16,56% da contratación, seguida das actividades relacionadas co emprego co 15%, de xeito que un de cada catro contratos está incluído nunha destas dúas actividades.

As dez actividades (CNAE- 2 díxitos) máis importantes na contratación dos menores de 30 anos

As dez ocupacións máis contratadas

Grupo primario	Homes	Mulleres	Total	%
CAMAREIROS ASALARIADOS	19.617	22.311	41.928	17,45
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	3.806	18.003	21.809	9,08
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	10.188	3.743	13.931	5,80
PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	10.827	1.075	11.902	4,95
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETEMENTO	2.040	4.286	6.326	2,63
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	1.493	4.302	5.795	2,41
PROMOTORES DE VENDA	761	4.739	5.500	2,29
AZAFATOS DE TERRA	651	3.249	3.900	1,62
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES	2.199	1.639	3.838	1,60
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS CON TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	646	2.477	3.123	1,30

En canto ás ocupacións máis contratadas, de novo repítense practicamente as mesmas que as dos anos precedentes e con proporcións semellantes; así, o peso que representan estas dez ocupacións foi do 49,13%. Delas a ocupación que ten maior presenza e a de camareiros asalariados (17,45%), seguido da de vendedores en tendas e almacéns co 9,08%; o resto das ocupacións xa se atopan a certa distancia.

Trátase de ocupacións con baixa ou nula cualificación e segundo a ocupación son de perfil marcadamente masculina como as de peóns do transporte de mercadorías e descargadores ou, polo contrario, moi feminizadas como a de promotores de venda.

Perfil da contratación

3.3. MAIORES DE 54 ANOS

3.3.1. Datos demográficos

	Poboación total	Maiores de 54 anos	Porcentaxe >54 anos	Variación
A Coruña	1.143.911	396.614	34,67	4.021
Lugo	348.902	141.699	40,61	178
Ourense	330.257	139.211	42,15	-216
Pontevedra	958.428	304.655	31,79	2.800
GALICIA	**2.781.498**	**982.179**	**35,31**	**6.783**
ESPAÑA	**47.265.321**	**13.463.243**	**28,48**	**220.961**

Segundo os datos oficiais do Padrón Municipal de Habitantes a día 1 de xaneiro de 2012, o número de persoas maiores de 54 anos ascendía a 982.179, o que representaba o 35,31% da poboación total de Galicia. O peso demográfico deste colectivo en Galicia é superior ao estatal en case 7 puntos o que demostra que Galicia ten un grao de avellentamento superior ao do conxunto do Estado.

Se atendemos á distribución por provincias, as do interior son as que teñen maior porcentaxe de poboación maior de 54 anos, por encima da media de Galicia, sobre todo Ourense cunha porcentaxe do 42,15%; pola contra, as provincias occidentais son as que rexistran os índices máis baixos, especialmente Pontevedra, a cal o peso dos maiores de 54 anos foi do 31,79%.

Porcentaxe de poboación maior de 54 anos



Variación 2012/11 da poboación maior de 54 anos



En canto á variación interanual, vemos como houbo un lixeiro aumento da poboación maior de 54 anos, concretamente de 0,70 puntos, pero non medrou de maneira homoxénea en todas as provincias; A Coruña o crecemento foi de 1,02% mentres que Ourense foi a única provincia que presentou un crecemento negativo de -0,15%.

Porcentaxe de poboación dos maiores de 54 anos no ano 2012



- 29,66 – 34,27
- 34,28 – 42,24
- 42,25 – 49,95
- 51,9 – 57,39

3.3.2. EPA (Enquisa de poboación activa)

Taxas de actividade, ocupación e paro dos maiores de 54 anos

	Taxa de actividade			Taxa de ocupación			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	21,16	27,03	16,59	19,00	24,30	14,90	10,25	10,09	10,20
Lugo	20,38	23,50	17,53	18,04	20,03	16,30	11,15	14,77	7,03
Ourense	17,53	22,28	13,70	14,62	18,21	11,73	16,60	18,98	14,42
Pontevedra	19,07	24,29	14,93	15,84	20,19	12,38	16,98	16,87	17,12
GALICIA	19,84	24,92	15,80	17,20	21,44	13,85	13,30	13,97	12,35

Fonte: Instituto Nacional de Estatística. I trimestre 2013

A taxa de actividade dos maiores de 54 anos no primeiro trimestre de 2013 foi do 19,84%; o que significa que esa porcentaxe ou buscaba emprego ou traballaba. Por sexo, a taxa masculina foi do 24,92% mentres que a feminina foi do 15,80% o que significa que a taxa masculina superaba a das mulleres en algo máis de 9 puntos.

Por provincias, destaca a da Coruña cunha taxa do 21,16% e sobre todo cunha taxa de actividade masculina do 27,03% (case 10 puntos superior a feminina), a máis alta de Galicia. En segundo lugar atópase Lugo co 20,38%. Pola contra, a provincia de Ourense rexistrou a taxa máis baixa de toda a comunidade, o 17,53%.

A taxa de ocupación dos galegos maiores de 54 anos a principios do ano 2013 foi do 17,20%. Tendo en conta a variable sexo, vemos como a taxa de ocupación masculina foi do 21,44% mentres que a feminina foi de 13,85%; situándose a masculina en case 8 puntos por riba da feminina.

Por provincias, a da Coruña tamén é a que tivo a taxa de ocupación máis alta, un 19% e tamén a maior taxa de ocupación masculina, un 24,30% (case 10 puntos superior a feminina). Polo contrario, Ourense foi a provincia coa taxa de ocupación máis baixa das catro provincias, un 14,62%.

A taxa de paro deste colectivo no primeiro trimestre de 2013 foi do 13,30% o que significa que, no mesmo período, situábase 9 puntos por debaixo da media xeral de Galicia. Por sexo, o colectivo masculino tivo unha taxa de paro do 13,97% e a das mulleres foi do 12,35%, sendo a diferenza de 1,62 puntos a favor das mulleres.

Por provincias, as taxas reflicten que Pontevedra foi a máis prexudicada coas taxa de paro máis alta, 16,98% (3,58 puntos superior a media de Galicia), mentres que A Coruña destaca por ter a taxa máis baixa, o 10,25%.



3.3.3. Afiliacións

	Réxime Especial do Mar	RÉXIME XERAL - Sistema Especial Agrario	Réxime Especial Autónomos	RÉXIME XERAL - Sistema Especial Empregados do Fogar	RÉXIME XERAL (non inclúe S.E. Agrario nin S.E.E. do Fogar)
A Coruña	1.537	247	23.468	3.004	35.670
Lugo	214	181	10.727	924	10.198
Ourense	0	48	7.330	1.096	9.723
Pontevedra	1.953	175	16.708	2.111	27.972
Non consta	6	2	162	37	959
GALICIA	3.710	653	58.395	7.172	84.522

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos referidos a 31 de decembro de 2012

No tocante aos afiliados e en alta no sistema da Seguridade Social dos maiores de 54 anos, vemos como segue a existir unha clara preeminencia do réxime xeral (sen incluir os SSEE agrario e do fogar), en concreto, engloba o 54,72%; seguido polo réxime especial de autónomos co 37,81% do total de afiliados galegos maiores de 54 anos, deste xeito, o 92,53% rexistrábanse nun destes dous réximes. O resto dos afiliados, nunha porcentaxe moi residual, repártense entre o réxime especial do mar e os sistemas especiais agrario e do fogar.

Distribución dos afiliados maiores de 54 anos por réxime



Participación dos maiores de 54 anos na afiliación segundo o réxime sobre o total de Galicia



Se nos centramos na proporción que supón este colectivo na totalidade de afiliación, onde máis preponderancia tiñan foi no réxime especial de autónomos cunha porcentaxe do 27,23%, seguido, moi de cerca polo sistema especial do fogar cuxa participación foi do 26,35%; pola contra, no réxime xeral (sen incluír os S.S.E.E. agrario e do fogar) foi onde os maiores de 54 anos tiveron menos representación, só o 13%.

Variación 2012/11 de afiliados maiores de 54 anos



Se analizamos a variación interanual, observamos que non houbo un comportamento homoxéneo; o réxime xeral (sen incluír os SSEE agrario e do fogar) e o de autónomos rexistraron unha caída evidente en todas as provincias; o resto ten un comportamento negativo ou positivo dependendo da provincia, deste xeito, o sistema especial do fogar experimentou unha suba nas provincias da Coruña e de Pontevedra, nas de Ourense e Lugo a afiliación reduciuse, sendo a media do conxunto de Galicia positiva. No caso do sistema especial agrario a única provincia que perdeu afiliados foi a de Ourense, mentres que no réxime especial do mar a provincia de Lugo foi a única que tivo unha lixeira suba.

As dez actividades máis destacadas entre os asalariados maiores de 54 anos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia

No que se refire ás actividades máis destacadas entre os asalariados, obsérvase que o 61,02% dos afiliados maiores de 54 anos agrúpanse nestas dez actividades, as cales, por outra banda, son practicamente as mesmas que as dos anos precedentes. Destaca por encima de todas a actividade "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria" co 14,15% da afiliación, seguido das "Actividades sanitarias" co 13,79%, a continuación sitúase a actividade de "Servizos a edificios e actividades de xardinaría" co 6,02%.

As dez actividades máis destacadas entre os autónomos maiores de 54 anos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia

Cnae2009	Descrición	Autónomos	Porcentaxe
01	Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionadas con elas	15.265	26,14
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	9.239	15,82
56	Servizos de comidas e bebidas	5.740	9,83
43	Actividades de construción especializada	3.847	6,59
46	Comercio polo xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	3.224	5,52
49	Transporte terrestre e por tubaxe	2.963	5,07
41	Construción de edificios	2.345	4,02
45	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.881	3,22
95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	1.451	2,48
96	Outros servizos persoais	1.172	2,01

Se analizamos as actividades máis destacadas entre os autónomos, vemos, como estas son practicamente as mesmas que as dos anos anteriores e con porcentaxes moi semellantes. A actividade "Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionadas con elas, é a que acumula un maior número de autónomos, englobando o 26,14%; séguenlle en importancia as actividades relacionadas co "Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas", co 15,82%, e as de "Servizos de comidas e bebidas" co 9,83%; de xeito que un de cada dous autónomos estaba rexistrado nunha destas tres actividades.

3.3.4. Demandantes parados maiores de 54 anos

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	10.369	9.789	20.158
Lugo	3.022	1.899	4.921
Ourense	3.552	3.401	6.953
Pontevedra	8.931	9.960	18.891
GALICIA	25.874	25.049	50.923

O número total de demandantes parados maiores de 54 anos rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia a 31 de decembro de 2012 ascendía a 50.923 persoas, dos que o 50,81% eran homes e o 49,19% mulleres.

Por provincias, obsérvase que a metade occidental de Galicia, é dicir, A Coruña e Pontevedra, tal e como era de esperar, rexistraron máis das tres cuartas partes da totalidade de demandantes parados maiores de 54 anos.

Parados maiores de 54 anos por sexo



Participación dos parados maiores de 54 anos sobre o total de Galicia



Polo que se refire á incidencia deste colectivo no conxunto de parados galegos, a porcentaxe ascendía ao 18,71%. Por sexo, o peso deste colectivo era moi semellante, a redor do 18%.



Analizando a evolución do último ano, vemos como os demandantes parados maiores de 54 anos rexistraron un aumento do 11,70%. No caso das provincias, o maior incremento de parados situouse en Lugo: un 14,02% e en Pontevedra cun 13%. No lado oposto encádrase Ourense, provincia onde menos medrou o paro, concretamente o 8,69%.

Porcentaxe de parados maiores de 54 anos en 2012



- 13,1 – 16,28
- 16,29 – 20,53
- 20,54 – 24,9
- 25,64 – 32,47

Demandantes parados maiores de 54 anos por nivel formativo

	Ata certificado de escolaridade	BUP / bacharelato superior / COU	Formación profesional	Outras titulacións	Titulación ensino obrigatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	14.371	1.244	636	6	3.220	681	20.158
Lugo	3.608	302	158		724	129	4.921
Ourense	5.030	531	157	1	1.070	164	6.953
Pontevedra	12.405	1.486	528	5	3.963	504	18.891
GALICIA	35.414	3.563	1.479	12	8.977	1.478	50.923

Como observamos no gráfico anterior, o grupo que posuía ata certificado de escolaridade foi o que acumulou o maior número de desempregados maiores de 54 anos, en concreto o 69,54%, a continuación situábanse, aínda que con cifras moi inferiores, os que tiñan titulación de ensino obrigatorio co 17,63%; de maneira que algo máis do 87% tiñan unha titulación básica. O resto das titulacións presentan un volume de parados moi inferior; así os titulados universitarios e os de formación profesional presentaba a mesma porcentaxe, o 2,90%.



Participación dos parados maiores de 54 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia



No que respecta á participación dos parados maiores de 54 anos, a maior porcentaxe concéntrase nos grupo dos que posuían ata certificado de escolaridade, concretamente o 31,37%, seguido, pero a moita distancia, dos que tiñan BUP/bacharelato superior/COU cunha participación do 16,43%; en cambio no grupo de formación profesional foi onde menos participación tiveron, solo o 3,65%.

Demandantes parados maiores de 54 anos por antigüidade no paro

	<= 1 mes	de 1 a 3 meses	de 3 a 6 meses	de 6 a 12 meses	de 12 a 24 meses	máis de 24 meses	Total
A Coruña	737	1.437	1.454	2.519	4.019	9.992	20.158
Lugo	159	394	376	661	1.059	2.272	4.921
Ourense	195	393	394	691	1.364	3.916	6.953
Pontevedra	684	1.357	1.326	2.316	3.854	9.354	18.891
GALICIA	1.775	3.581	3.550	6.187	10.296	25.534	50.923

En canto á antigüidade no paro dos desempregados galegos maiores de 54 anos, podemos dicir, que a metade dos desempregados galegos levaban na procura dun emprego máis de 24 meses, o segundo grupo en importancia foron os que buscaban traballo de 12 a 24 meses co 20,22%; de maneira que case tres de cada catro parados maiores de 54 anos tiña unha antigüidade de máis dun ano o que significa o peso deste colectivo no paro de longa duración. Pola contra, naqueles tramos onde a antigüidade no paro é menor a presenza deste colectivo diminúe.

Porcentaxe de parados maiores de 54 anos por antigüidade no paro



Participación dos parados maiores de 54 anos por antigüidade na demanda sobre o total de Galicia



Como vemos no gráfico anterior, o grupo onde se concentraba máis parados maiores de 54 anos foi no de máis de 24 meses, o 36,90%. O seguinte tramo de 12 a 24 meses englobaba o 19,03%. A medida que a antigüidade no paro decrece a participación deste colectivo vai diminuíndo; de tal xeito que a participación deste colectivo no grupo dos que levaban 1 mes ou menos desempregados só acadou o 7,35%.

As dez actividades máis destacadas entre os parados maiores de 54 anos (CNAE-09). Galicia

CNAE	Descrición	Parados	Porcentaxe
41	Construción de edificios	5.301	10,41
43	Actividades de construción especializada	4.626	9,08
00	Sen emprego anterior	4.393	8,63
56	Servizos de comidas e bebidas	3.533	6,94
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	3.246	6,37
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	2.768	5,44
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.729	3,40
10	Industria da alimentación	1.652	3,24
74	Outras actividades profesionais, científicas técnicas	1.588	3,12
14	Confección de roupa de vestir	1.398	2,75

Das actividades máis importantes das que proceden os desempregados maiores de 54 anos, as dúas primeiras englóbanse no sector da construción, rexistrando case o 20% dos parados, en terceiro lugar destacan os que non tiveron emprego anterior co 8,63%.

Cabe dicir, por outra parte, que estas 10 actividades concentran case o 60% dos desempregados e que son as mesmas actividades que as dos anos anteriores.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes entre os parados maiores de 54 anos

As dez ocupacións máis demandadas entre os parados maiores de 54 anos

Ocupacións	Homes	Mulleres	Total	Porcentaxe
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR , EN XERAL	294	4.834	5.128	10,07
ALBANEIS	3.720	26	3.746	7,36
DEPENDENTES DE COMERCIO, EN XERAL	194	2.167	2.361	4,64
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS, EN XERAL	638	1.662	2.300	4,52
PEÓNS DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	1.420	9	1.429	2,81
PEÓNS DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	611	665	1.276	2,51
ASISTENTES DOMICILIARIOS	11	1.212	1.223	2,40
COCIÑEIROS, EN XERAL	203	958	1.161	2,28
CONDUTORES DE CAMIÓN, EN XERAL	1.093	8	1.101	2,16
EMPREGADOS DE FOGAR	4	803	807	1,58

No que respecta ás dez ocupacións máis demandadas polos desempregados maiores de 54 anos, vemos como tamén son as mesmas que as dos anos anteriores e como só estas dez ocupacións concentraban o 40% das demandas. A maior parte dos desempregados demandaron a ocupación "Persoal de limpeza ou limpador, en xeral", concretamente o 10,07%; en segundo lugar situouse a ocupación de "Albaneis" co 7,36% e en terceiro lugar atopábase "Dependentes de comercio, en xeral" co 4,64%. Cómpre sinalar que se trata de ocupacións con escaso nivel de cualificación e con forte presenza de mulleres, como no caso de "Persoal de limpeza ou limpador, en xeral" ou de homes, caso dos "Albaneis"; e donde unha sola ocupación "Peóns da industria manufactureira, en xeral" rexistra un número semellante de parados de ambos os dous sexos.

3.3.5. Contratación a maiores de 54 anos

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	7.098	5.261	12.359
Lugo	1.925	1.378	3.303
Ourense	1.434	1.293	2.727
Pontevedra	7.196	5.237	12.433
GALICIA	17.653	13.169	30.822

O número de contratos subscritos con maiores de 54 anos e comunicados ás oficinas de emprego do Servizo Público de Galicia ao longo do ano 2012 foi de 30.822, dos cales o 57,27% foron formalizados con homes e o 42,73% con mulleres, esta proporción supuxo que a diferenza entre homes e mulleres fose de 14 puntos a favor dos homes.

É preciso dicir que as diferenzas entre homes e mulleres se reduciron sensiblemente nos últimos anos.

Por provincias, tres de cada catro contratos están encadrados nas provincias atlánticas, de xeito que as dúas provincias restantes rexistran unha cifra moi inferior.





No que respecta ao peso deste colectivo na totalidade da contratación de Galicia, vemos como os maiores de 54 anos supoñían o 4,65%. Por sexo, a participación masculina foi un punto superior á contratación de mulleres.

Se analizamos a variación interanual, observamos que o saldo foi positivo. O número de contratos en Galicia aumentou un 8,34%. Este incremento afectou as catro provincias, destacando Lugo onde a contratación subiu un 15,21% con respecto ao ano anterior. Pontevedra foi a seguinte provincia cun aumento do 10,29%. En cambio Ourense foi a provincia que rexistrou o incremento máis moderado, un 3,14%.

Porcentaxe de contratos nos maiores de 54 anos no ano 2012.



- 3,32 – 5,02
- 5,03 – 6,22
- 6,23 – 7,84
- 9,04 – 11,84

Contratos por tipoloxía entre maiores de 54 anos

	Indefinido	Indefinido tempo parcial	Outros	Prácticas/ Formación	Temporal	Temporal tempo parcial	Total
A Coruña	748	431	380	7	7.290	3.503	12.359
Lugo	280	132	399	1	1.413	1.078	3.303
Ourense	216	124	134	18	1.368	867	2.727
Pontevedra	570	353	1.107	1	7.024	3.378	12.433
GALICIA	1.814	1.040	2.020	27	17.095	8.826	30.822

De acordo cos datos proporcionados pola táboa anterior, a gran maioría da contratación foi temporal; a de xornada completa concentrou o 55,46% e a temporal o 28,64%, o que se traduce nun peso porcentual de 84,10%. Pola contra, a contratación indefinida situouse arredor do 10%.

Distribución da contratación por tipoloxía entre os maiores de 54 anos





Atendendo á incidencia deste colectivo na totalidade da contratación, podemos ver que onde máis peso tiveron as persoas maiores de 54 anos foi (agás "outros" o cal engloba distintos tipos de contratos con escasa representación) na contratación indefinida a tempo parcial, un 6,63%; no resto da contratación a participación deste colectivo foi en torno ao 4,5%.

Índice de rotación

	Contratos	Contratados	Índice de rotación
Homes	17.653	8.385	2,11
Mulleres	13.169	6.565	2,01
Total	30.822	14.950	2,06

En canto ao índice de rotación dos maiores de 54 anos, observamos como en 2012 cada persoa contratada maior de 54 anos tivo unha media de 2,06 contratos, o cal supuxo un incremento, respecto ao ano anterior de 0,10 puntos. Por sexo, por primeira vez, os homes rexistraron maior índice de rotación que as mulleres, concretamente 2,11% e 2,01%, respectivamente.

Contratos por nivel formativo entre os maiores de 54 anos

	Ata certificado de escolaridade	BUP / Bacharelato superior / COU	Formación profesional	Titulación ensino obrigatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	4.878	1.596	571	4.621	607	12.359
Lugo	1.474	205	184	1.259	160	3.303
Ourense	1.172	230	81	1.105	125	2.727
Pontevedra	4.546	822	513	5.960	438	12.433
GALICIA	12.070	2.853	1.349	12.945	1.330	30.822

Se observamos a táboa de contratos por nivel formativo, apreciamos que o 42% dos contratos se subscribiron con persoas con titulación de ensino obrigatorio, seguido de aqueles que posuían ata certificado de escolaridade que supuxeron o 39%; de xeito que estes dous grupos, que contaban con baixo nivel formativo, acaparaban máis do 80% da contratación. En cambio, a medida que a formación aumenta a incidencia na contratación vaise reducindo, de modo que a contratación cos titulados universitarios só acadou un 4%.

Distribución da contratación por nivel formativo entre os maiores de 54 anos



Participación da contratación dos maiores de 54 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia



Atendendo a participación deste colectivo por nivel formativo, vemos que onde máis peso tiveron foi na contratación rexistrada cos que tiñan ata certificado de escolaridade (7,42%), seguida a certa distancia dos que posuían titulación ensino obrigatorio co 4,61%, mentres que na contratación con formación profesional só representaron o 1,90%.

Mobilidade dos contratados maiores de 54 anos



O fluxo de traballadores que saíron de Galicia cara ao resto do Estado achega un saldo negativo, saíron máis persoas das que entraron. Por sexo, as mulleres presentaron menor mobilidade que os homes. No que respecta á diferenza entre os que entraron en Galicia e os que saíron dela, no caso dos homes foi de 3,12% puntos, mentres que no das mulleres foi de 0,51%.

As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes na contratación dos maiores de 54 anos

CNAE	Descrición	Contratos	Porcentaxe
56	Servizos de comidas e bebidas	3.574	11,60
78	Actividades relacionadas co emprego	2.386	7,74
90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos	2.303	7,47
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	2.070	6,72
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	1.702	5,52
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1.424	4,62
41	Construción de edificios	1.314	4,26
43	Actividades de construción especializada	1.292	4,19
85	Educación	1.128	3,66
55	Servizos de aloxamento	1.086	3,52

As dez actividades que rexistran unha maior contratación concentran o 59,31% da totalidade; delas a que figura en primeiro lugar é a de "Servizos de comidas e bebidas" , a cal acapara o 11,60%, seguida das "Actividades relacionadas co emprego" co 7,74% e das "Actividades de creación, artísticas e espectáculos" co 7,47%.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes na contratación dos maiores de 54 anos

As dez ocupacións máis contratadas entre os maiores de 54 anos

Grupo primario	Homes	Mulleres	Total	% Total
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	138	2.837	2.975	9,65
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES	2.319	95	2.414	7,83
CAMAREIROS ASALARIADOS	1.430	757	2.187	7,10
PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	1.064	498	1.562	5,07
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	487	921	1.408	4,57
COCIÑEIROS ASALARIADOS	294	877	1.171	3,80
ALBANEIS	1.102	5	1.107	3,59
AXUDANTES DE COCIÑA	88	793	881	2,86
EMPREGADOS DOMÉSTICOS	23	686	709	2,30
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓNS	608	5	613	1,99

A maioría da contratación dos maiores de 54 anos concentrábanse nunhas poucas ocupacións; de feito, unha de cada dúas persoas maiores de 54 anos contratouse nestes dez grupos primarios. A ocupación que encabezaba a listaxe foi a de "Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares" co 9,65% , seguido dos "Compositores, músicos e cantantes" que aglutinan o 7,83% e "Camareiros asalariados" cunha porcentaxe similar, o 7,10%.

Por outra parte, estas ocupacións na súa maioría son as mesmas que as dos anos precedentes, polo tanto teñen as mesmas características, baixa cualificación e elevada temporalidade.

Perfil da contratación dos maiores de 54 anos en Galicia

3.4. TRABALLADORES ESTRANXEIROS

3.4.1. Datos demográficos

	Poboación total	Estranxeiros	Porcentaxe estranxeiros	Variación
A Coruña	1.143.911	39.861	3,48	559
Lugo	348.902	14.738	4,22	236
Ourense	330.257	16.946	5,13	196
Pontevedra	958.428	40.638	4,24	724
GALICIA	2.781.498	112.183	4,03	1.715
ESPAÑA	**47.265.321**	**5.736.258**	**12,14**	**-15.229**

Cos datos oficiais do Padrón Municipal de Habitantes do día 1 de xaneiro de 2012, a poboación estranxeira en Galicia acadaba un total de 112.183 persoas, o que supoñía o 4,03% da poboación total de Galicia. Se comparamos este dato co do conxunto do Estado, vemos como o peso demográfico dos estranxeiros en Galicia e notablemente inferior, concretamente en 8,11 puntos.

Por provincias, como era de esperar, as que teñen maior peso poboacional son Pontevedra seguida da Coruña; no entanto, se temos en conta o peso relativo, é Ourense a que tivo maior porcentaxe de estranxeiros, un 5,13%.

Por último, é preciso aclarar que o padrón entende por persoas estranxeiras o número de inscritos que non teñen nacionalidade española, incluíndo tanto persoas con tarxeta ou autorización de residencia como aquelas que non a teñen.

Porcentaxe de poboación estranxeira





Respecto á variación interanual da poboación estranxeira, os datos reflicten que se rexistrou un incremento de 1.715 persoas, o que supuxo, en termos relativos o 1,55%, mentres que en España reducíase nun -0,26%. O feito de que este colectivo medre, aínda que fose levemente, contribuíu a que a poboación total de Galicia aumentase lixeiramente; no entanto este último ano xa non evitou o descenso da poboación total nun -0,50%.

	Total	Homes	Mulleres	% sobre o total de poboación estranxeira en Galicia
Portugal	22.797	14.474	8.323	20,32
Nacionalidades africanas	12.702	8.413	4.289	11,32
Brasil	10.189	3.058	7.131	9,08
Romanía	9.146	4.798	4.348	8,15
Colombia	7.761	2.956	4.805	6,92
América Central	7.514	2.896	4.618	6,70
Marrocos	6.854	4.066	2.788	6,11
Nacionalidades asiáticas	4.312	2.590	1.722	3,84
República Dominicana	4.172	1.529	2.643	3,72
Venezuela	3.918	1.457	2.461	3,49

Analizando a composición da poboación estranxeira en función da nacionalidade, observamos que a maioritaria, con diferenza, e a portuguesa, (o cal ten lóxica tanto pola proximidade xeográfica, como pola cultural e lingüística), ata tal punto que case un de cada 4 estranxeiros era desta nacionalidade (20,32%), seguida da brasileira, a cal agrupa o 9,08% e dos romaneses co 8,15%.

Por outra banda, segundo a nacionalidade, rexístrase unha preponderancia dos homes ou das mulleres; así, nos casos dos cidadáns que proceden de Portugal ou de Marrocos a maioría son homes, mentres que nas nacionalidades vinculadas a países de Iberoamérica hai moito máis presenza de mulleres.

Distribución das nacionalidades



Porcentaxe de poboación estranxeira no ano 2012



- 1 – 2,27
- 2,28 – 3,82
- 3,83 – 5,53
- 6,83 – 9,53

3.4.2. EPA (Enquisa de poboación activa)

	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
Ambos os sexos	72,82	45,88	37
Homes	81,5	52,25	35,89
Mulleres	66,14	40,97	38,06

Fonte: Instituto Nacional de Estatística. I trimestre 2013

A taxa de actividade dos estranxeiros no primeiro trimestre do ano 2013 foi de 72,82%, mentres que a do conxunto de Galicia foi de 54,56%, o que supoñía que a taxa de actividade dos inmigrantes se atopaba 18,22 puntos por riba da galega.

Se incidimos na perspectiva de xénero, as diferenzas son notorias; mentres a taxa de actividade masculina foi de 81,5% a feminina foi de 66,14%, sendo a diferenza de 15,36 puntos a favor dos homes.

A taxa de ocupación deste colectivo acadou o 45,88% o que a situaba en 3,51 puntos por riba da taxa de ocupación galega.

No que respecta ás diferenzas por sexo, os homes presentaban maior taxa de ocupación que as mulleres, concretamente 52,25% fronte a 40,97%.

A taxa de paro dos estranxeiros era de 37%, valor notablemente superior ao do conxunto da poboación galega que foi, para o mesmo período de 22,35%; o que a situaba ao colectivo de inmigrantes nunha taxa de paro 14,65 superior

Se comparamos as taxas de desemprego feminina e masculina, vemos como os homes saen favorecidos, xa que rexistran unha taxa máis baixa, concretamente a dos homes foi de 35,89% e a das mulleres de 38,06%.

Taxa de actividade, ocupación e paro do conxunto da poboación e dos estranxeiros. Galicia I trimestre 2013



3.4.3. Afiliacións

	Réxime Especial do Mar	RÉXIME XERAL - Sistema Especial Agrario	Réxime Especial Autónomos	RÉXIME XERAL - Sistema Especial Empregados do Fogar	RÉXIME XERAL (non inclúe S.E. Agrario nin S.E.E. do Fogar)
A Coruña	425	356	1.728	2.164	6.926
Lugo	433	590	554	513	2.528
Ourense	0	129	696	550	2.775
Pontevedra	388	194	1.935	1.548	7.021
GALICIA	1.261	1.300	5.078	4.871	19.262
Non consta	15	31	165	96	12

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos referidos a 31 de decembre de 2012

Centrándonos nos datos sobre afiliación de estranxeiros por réximes, vemos como hai un predominio absoluto do réxime xeral (excluídos os sistemas especiais agrario e do fogar), o cal concentra o 60,63% da totalidade. Os seguintes réximes, teñen un peso moi inferior; deles destaca o réxime de autónomos co 15,98% e o sistema especial de empregados do fogar que acapara o 15,33%. Os dous réximes restantes: o especial do mar e o sistema especial agrario acadan arredor do 4%.

Distribución dos afiliados estranxeiros por réxime da Seguridade Social



Participación de afiliados estranxeiros segundo o réxime sobre o total de Galicia



En canto á participación dos estranxeiros na totalidade da afiliación da nosa comunidade, observamos que onde máis incidencia tivo este colectivo foi no sistema especial agrario; de feito, un de cada catro afiliados a este sistema era estranxeiro; séguelle en importancia o sistema especial de empregados do fogar onde a representación acada o 17,90% e o réxime especial do mar co 5,98% de cotizantes estranxeiros. No resto dos réximes, con porcentaxes moi residuais, repártense entre o réxime xeral (2,96%) e o réxime especial de autónomos co 2,37%.

Variación 2012/11 de afiliados estranxeiros



Atendendo á variación interanual, apreciamos que o sistema especial de empregados do fogar é, con diferenza, o que máis medra, concretamente o 21,53% para o conxunto de Galicia, pero destacando as provincias de Ourense co 27,02% e Lugo co 26,35%. Tamén o réxime de autónomos tivo un comportamento positivo, aínda que con cifras bastante máis modestas, 1,38% (agás Pontevedra que descendeu -0,05%). O resto dos réximes viron reducido a súa afiliación; o que máis, o sistema especial agrario, un 15,64%; sendo Pontevedra a que rexistra a maior caída, -32,64%; seguido do réxime xeral que experimenta unha caída do -8,13%, diminución que afecta ás catro provincias, e por último o réxime do mar reduce a cifra de afiliados nun -5,83%, redución que non atinxe á provincia da Coruña que aumenta nun 5,72%; en cambio Pontevedra é a que sae peor parada cunha baixada do -16,20%.

As dez actividades (CNAE-09) máis importantes entre os asalariados estranxeiros. Galicia

Cnae2009	Descrición	Afiliados	%
56	Servizos de comidas e bebidas	4.363	22,65
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	1.651	8,57
49	Transporte terrestre e por tubaxe	1.263	6,56
46	Comercio por xunto, agás vehículos de motor e motocicletas	1.084	5,63
41	Construción de edificios	1.070	5,55
43	Actividades de construción especializada	815	4,23
85	Educación	809	4,20
10	Industria da alimentación	741	3,85
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	640	3,32
86	Actividades sanitarias	571	2,96

As dez actividades económicas con maior número de afiliación estranxeira engloban o 67,53% da totalidade. A actividade que tivo maior presenza foi a de "Servizos de comidas e bebidas" co 22,65%, seguida, pero a bastante distancia do "Comercio aro retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas" co 8,57% e de "Transporte terrestre e por tubaxe" co 6,56%.

Por outra banda, a situación pouco cambia, respecto ao ano precedente, de feito son as mesmas ocupacións e con porcentaxes semellantes.



As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os autónomos estranxeiros. Galicia

Cnae2009	Descrición	total	Porcentaxe
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor a motocicletas	1.361	26,81
56	Servizos de comidas e bebidas	1.086	21,39
46	Comercio por xunto, agás vehículos de motor e motocicletas	355	6,99
43	Actividades de construción especializada	295	5,81
85	Educación	217	4,28
41	Construción de edificios	184	3,62
10	Industria da alimentación	148	2,92
96	Outros servizos persoais	144	2,84
86	Actividades sanitarias	116	2,29
2	Silvicultura e explotación forestal	96	1,89

En canto aos autónomos estranxeiros o maior número de afiliados encadrábanse na actividade de "Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor a motocicletas" e "Servizos de comidas e bebidas", en concreto, un de cada dous estranxeiros agrupábase nestas dúas. O peso do resto das actividades xa é bastante inferior. Por outra parte, tal como acontecía no parágrafo anterior, as actividades son as mesmas que as do ano anterior e con cifras parecidas.

3.4.4. Demandantes parados

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	2.532	2.442	4.974
Lugo	1.058	1.011	2.069
Ourense	1.082	1.030	2.112
Pontevedra	2.893	2.572	5.465
GALICIA	7.565	7.055	14.620

O número de desempregados estranxeiros rexistrados nas oficinas de emprego de Galicia a 31 de decembro de 2012 acadaba a cifra de 14.620 persoas, das cales o 51,74% eran homes e o 48,26% mulleres; o que significa que neste colectivo os homes soportan o desemprego en maior medida que as mulleres.

Por provincias, Pontevedra e A Coruña concentran a porcentaxe de parados máis alta, 37,38% e 34,02%, respectivamente, mentres que Lugo e Ourense acadan proporcións moi parecidas, arredor do 14%.

Demandantes parados estranxeiros por sexo



Participación de parados estranxeiros sobre o total de Galicia



Se temos en conta a participación deste colectivo no conxunto dos parados galegos, constatamos que o desemprego dos estranxeiros residentes en Galicia representaban o 5,24%.

Variación 2012/11 de parados estranxeiros



No que respecta á variación interanual do desempregados estranxeiros, vemos que este rexistrou un incremento do 1,20% para o conxunto de Galicia, pero este non incidiu por igual en todas as provincias, así, mentres que en Lugo e Ourense medrou un 5,67% e 4,45%, respectivamente; as provincias atlánticas rexistraban un lixeiro descenso.

Porcentaxe de parados nos estranxeiros no ano 2012



- 0,5 – 3,13
- 3,14 – 5,51
- 5,52 – 8,08
- 8,54 – 11,62

Demandantes parados estranxeiros por antigüidade no paro

ANTIGUIDADE	Homes	Mulleres	Total
<= 1 mes	956	629	1.585
de 1 a 3 meses	1.641	1.567	3.208
de 3 a 6 meses	1.142	1.176	2.318
de 6 a 12 meses	1.307	1.244	2.551
de 12 a 24 meses	1.427	1.281	2.708
máis de 24 meses	1.092	1.158	2.250

Se nos centramos nos desempregados estranxeiros segundo a antigüidade no paro, podemos dicir que o grupo que acumulou maior número foi o que levaba na procura dun emprego de 1 a 3 meses (21,94%); en cambio os que levaban apuntados nas listas do paro un mes ou menos foron os que tiveron menor peso porcentual, 10,84%. O resto dos tramos comparten cifras moi semellantes, entre o 15 e o 18%.

Porcentaxe de parados estranxeiros por antigüidade no paro



Participación de parados estranxeiros por antigüidade no paro sobre o total de Galicia



En canto ao peso que este colectivo representa no conxunto de Galicia, podemos dicir que a participación oscila en todos os tramos de antigüidade entre o 5% e o 6,74%, agás no grupo que levaba parado máis de 24 meses onde a presenza deste colectivo é lixeiramente menor, 3,25%.

As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os parados estranxeiros

CNAE	Descrición	Parados	%
56	Servizos de comidas e bebidas	2.712	18,55
00	Sen emprego anterior	2.685	18,37
41	Construción de edificios	1.039	7,11
43	Actividades de construción especializada	968	6,62
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	718	4,91
01	Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	511	3,50
78	Actividades relacionadas co emprego	392	2,68
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	368	2,52
55	Servizos de aloxamento	359	2,46
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	346	2,37
03	Pesca e acuicultura	334	2,28

Resulta relevante que unha de cada dúas persoas estranxeiras procede destas dez actividades, e de que se trate de, practicamente, as mesmas actividades que as dos anos precedentes.

Destacan, por encima das restantes, "Servizos de comidas e bebidas" que engloba o 18,55% da totalidade, seguida moi de cerca polo grupo que non contaban cunha experiencia laboral previa que

supoñían o 18,37%. As actividades restantes, aínda que importantes, xa concentraban porcentaxes inferiores.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes entre os parados estranxeiros



As dez ocupacións máis demandadas entre os estranxeiros

Ocupación	Homes	Mulleres	Total	%
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR , EN XERAL	109	1.437	1.546	10,57
CAMAREIROS, EN XERAL	442	1.040	1.482	10,14
PEÓNS DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	838	7	845	5,78
DEPENDENTES DE COMERCIO, EN XERAL	92	746	838	5,73
ALBANEIS	663	5	668	4,57
COCIÑEIROS, EN XERAL	131	422	553	3,78
PEÓNS DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	337	178	515	3,52
EMPREGADOS DE FOGAR	15	430	445	3,04
MOZOS DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN E/OU MERCADO DE ABASTOS	278	17	295	2,02
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS, EN XERAL	53	240	293	2,00

Respecto ás dez ocupacións máis demandadas entre os estranxeiros, a metade dos parados estaban inscritos nestas dez ocupacións. Encabeza a listaxe "Persoal de limpeza ou limpador, en xeral" acaparando o 10,57% das solicitudes, seguida moi de cerca pola de "Camareiros, en xeral" co 10,14%, en en terceiro lugar, pero xa a unha certa distancia, "Peóns da construción de edificios" co 5,78%.

Por outra banda, estas ocupacións rexistran poucas variacións con respecto ao ano anterior, e dado que se trata de practicamente as mesmas, conteñen as mesmas características: escaso nivel de cualificación e forte presenza feminina ou masculina segundo os casos.

3.4.5. Contratación de estranxeiros

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	9.055	7.044	16.099
Lugo	3.719	2.539	6.258
Ourense	2.326	1.799	4.125
Pontevedra	9.630	5.645	15.275
GALICIA	24.730	17.027	41.757

O número de contratos realizados con persoas estranxeiras e comunicados ao longo do ano 2012 foi de 41.757. Da totalidade dos contratos, o 59,22% foi contratación a homes e 41,78% a mulleres; esta proporción significa que a diferenza entre homes e mulleres é de 18 puntos a favor dos homes. É preciso sinalar, no entanto, que as diferenzas entre sexo se van reducindo nos últimos anos.

Por provincias, o comportamento é similar ao de outros colectivos; as provincias occidentais concentran a maioría da contratación, concretamente tres de cada catro contratos, repartíndose o resto entre Lugo que aglutina o 15% e Ourense o 10%.



Participación da contratación a estranxeiros sobre o total de Galicia



Atendendo a participación dos estranxeiros no conxunto da contratación, este colectivo supuxo o 6,30%. Pero dado que o número de contratos masculino era superior ao feminino, a participación por sexo tamén foi diferente, de xeito que a participación dos homes foi do 7,26% mentres que a das mulleres foi do 5,29%.

Variación 2012/2011 da contratación a estranxeiros



A variación interanual da contratación presenta un cadro negativo, a contratación diminuíu un -10,83 en Galicia, e aínda que esta redución afectou as catro provincias non o fixo na mesma proporción; así Pontevedra foi a provincia que saíu mas prexudicada cunha baixada de -13,39%, en cambio en Ourense a perda da contratación foi algo máis moderada, -7,45%.

Porcentaxe de contratos a estranxeiros no ano 2012



- 1.14 – 3.84
- 3.85 – 6.2
- 6.21 – 10.17
- 10.94 – 16,89

Número de contratos segundo a nacionalidade

	Homes	Mulleres	Total	%
PORTUGAL	5.275	1.954	7.229	17,31
COLOMBIA	1.313	2.047	3.360	8,05
BRASIL	995	1.977	2.972	7,12
RUMANIA	1.749	1.220	2.969	7,11
MARROCOS	1.924	582	2.506	6,00
PERÚ	1.502	937	2.439	5,84
DOMINICANA, REPÚBLICA	820	952	1.772	4,24
CUBA	850	744	1.594	3,82
ARGENTINA	732	753	1.485	3,56
URUGUAY	792	664	1.456	3,49
SENEGAL	1.221	115	1.336	3,20
VENEZUELA	553	739	1.292	3,09
ITALIA	690	475	1.165	2,79
CHINA	533	356	889	2,13
ECUADOR	448	238	686	1,64

No que respecta á contratación por nacionalidade, obsérvase que a maior porcentaxe de contratos se realizou con cidadáns portugueses (17,31%), en segundo lugar situáronse os colombianos co 8,05%, seguido dos brasileiros e dos romaneses, os cales acadan unha porcentaxe practicamente igual, 7,12% e 7,11%, respectivamente.

Por outra banda, segundo a nacionalidade hai unha preeminencia das mulleres ou dos homes; así no caso dos portugueses a contratación foi maioritariamente masculina, en cambio na maioría das nacionalidades vinculadas a países iberoamericanos houbo un predominio da contratación feminina.

Porcentaxe da contratación segundo nacionalidade



Contratos a estranxeiros por tipoloxía

	Indefinido	Indefinido tempo parcial	Outros	Prácticas/Formación	Temporal	Temporal tempo parcial	Total
A Coruña	1.574	669	115	225	7.607	5.909	16.099
Lugo	1.037	210	63	81	3.403	1.464	6.258
Ourense	398	224	7	79	2.116	1.301	4.125
Pontevedra	1.287	602	96	141	8.663	4.486	15.275
GALICIA	4.296	1.705	281	526	21.789	13.160	41.757

Como podemos observar no gráfico anterior, tamén neste colectivo hai un predominio absoluto dos contratos temporais, xa sexan a xornada completa (52,18%), como a tempo parcial (31,52%). Polo contrario a contratación indefinida apenas supuxo o 15%.

Distribución dos contratos a estranxeiros por tipoloxía





No que se refire á participación dos estranxeiros na totalidade da contratación en Galicia, vemos como as maiores porcentaxes concentrábanse na contratación indefinida, a xornada completa o 11,80% e a tempo parcial o 10,88%, mentres que na contratación temporal a incidencia deste colectivo foi inferior, concretamente entre o 5 e o 6 por cento.

Índice de rotación

	Contratos	Contratados	Indice de rotación
Homes	24.730	13.775	1,80
Mulleres	17.027	9.168	1,86
Total	41.757	22.943	1,82

A temporalidade tamén domina a contratación deste colectivo, relacionado con este feito está o índice de rotación que no ano 2012 foi do 1,82, o que significa que cada estranxeiro tivo unha media de 1,82 contratos, cifra que aínda que é importante, está por debaixo da do conxunto de Galicia en 0,50 puntos. Por outra banda, este índice aumentou en 0,05 puntos respecto ao no anterior.

Por último, se atendemos ao sexo, as mulleres rexistran índices máis altos de rotación que os homes, concretamente, 1,86 fronte a 1,80.

Contratación a estranxeiros por sexo e idade

	Homes	Mulleres	Total	% Total
16 a 29	7.158	6.307	13.465	32,25
30 a 44	13.240	8.411	21.651	51,85
45 a 54	3.584	1.956	5.540	13,27
55 e máis	748	353	1.101	2,64
Total	24.730	17.027	41.757	100

En canto á contratación por idade, o grupo que rexistrou máis contratos foi o de entre 30 e 44 anos, o 51,85%; seguido dos menores de 30 que concentraron o 32,25%. Se se suman ambos os dous tramos, o resultado é que máis do 84% da contratación a estranxeiros realizouse con persoas menores de 45 anos. Pola contra, a medida que a idade das persoas estranxeiras aumenta a cifra de contratos diminúe; de modo que no tramo de idade máis avanzada (maiores de 54 anos) a porcentaxe de contratación so supuxeron o 2,64%.

Distribución da contratación por idade



Participación da contratación a estranxeiros segundo a idade sobre o total de Galicia



Polo que se refire á participación deste colectivo na contratación total, tal e como xa indicaba o paragrafo anterior, o grupo que acumula maior porcentaxe de estranxeiros foi o de 30 a 44 anos, 9,01%; en segundo lugar destaca o tramo de 16 a 29 anos cunha participación de 5,60%. En cambio no grupo de máis de 54 anos apenas teñen incidencia, so o 0,46%.

As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes na contratación estranxeira.

CNAE	Descrición	Homes	Mulleres	Total	% Total
56	Servizos de comidas e bebidas	3.863	6.347	10.210	24,45
78	Actividades relacionadas co emprego	1.656	1.477	3.133	7,50
03	Pesca e acuicultura	2.333	18	2.351	5,63
41	Construción de edificios	2.298	38	2.336	5,59
43	Actividades de construción especializada	2.114	57	2.171	5,20
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	874	1.205	2.079	4,98
55	Servizos de aloxamento	496	942	1.438	3,44
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1.219	111	1.330	3,19
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	498	806	1.304	3,12
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	855	299	1.154	2,76

A contratación con persoas estranxeiras, tamén se concentra nunhas poucas actividades, de tal maneira, constatamos que solo dez actividades aglutinaron o 65,87% da contratación. Delas destaca claramente "Servizos de comidas e bebidas", na cal se contrataron un de cada catro inmigrantes. O resto de actividades, aínda sendo importantes, teñen menos incidencia na contratación, así a que figura en segundo lugar, "Actividades relacionadas co emprego" concentrou o 7,50%, seguido da "Pesca e acuicultura", "Construción de edificios" e "Actividades de construción especializada" todas cunha porcentaxe de arredor do 5%.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes na contratación a estranxeiros



As dez ocupacións máis contratadas

Grupo primario	Homes	Mulleres	Total	% Total
CAMAREIROS ASALARIADOS	3.211	5.025	8.236	19,72
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	518	1.853	2.371	5,68
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	1.515	550	2.065	4,95
PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	1.692	306	1.998	4,78
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	600	1.153	1.753	4,20
PESCADORES DE ALTURA	1.640	7	1.647	3,94
AXUDANTES DE COCIÑA	472	1.007	1.479	3,54
COCIÑEIROS ASALARIADOS	632	843	1.475	3,53
ENCOFRADORES E OPERARIOS DE POSTA EN OBRA DE FORMIGÓN	1.136	7	1.143	2,74
EMPREGADOS DOMÉSTICOS	70	1.025	1.095	2,62

Na relación dos dez grupos ocupacionais máis contratados, constatamos que na súa maioría son as mesmas que as dos anos precedentes, polo tanto responde ás mesmas características: escaso nivel de cualificación e dependendo do grupo primario a contratación pode ser maioritariamente masculina ou feminina pero son escasas as ocupacións coun número de homes e mulleres parecido.

Das ocupacións figura en primeiros lugar "Camareiros asalariados" que concentrou o 19,72% da contratación, seguido do "Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares" co 5,68%; de modo que se xuntamos estes dous grupos vemos como un de cada catro estranxeiros estaba contratado nun destes dous grupos primarios.

Perfil da contratación dos estranxeiros en Galicia

A Coruña
Lugo
Pontevedra
Ourense

4. CONCLUSIÓNS

4.1. Demografía

A poboación de Galicia, segundo o Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2012, era de 2.781.498 habitantes, dos cales 1.343.328 eran homes e 1.438.170 eran mulleres.

A poboación estranxeira en Galicia ascendía a 112.183 persoas, o que supoñía o 4,03% da poboación total de Galicia.

Se atendemos á evolución interanual da poboación, a cifra de residentes na nosa comunidade reduciuse nun 0,50%.

Por sexo, tal e como acontecía nos anos precedentes, nacen máis nenos que nenas e a proporción de homes é lixeiramente superior ata aproximadamente os 40 anos, a partir de aquí o número de mulleres vai aumentando en relación directa a idade; de xeito que no tramo de idade de 85 e máis, o número de mulleres triplica ao dos homes.

4.2. Perfil sociodemográfico

- **A taxa de actividade** (que é o cociente entre o número total de activos e a poboación total) de Galicia para o primeiro trimestre de 2013, situouse no 54,56%; rexistrando un retroceso de case un punto respecto ao mesmo período do ano anterior.

  Por sexo, a taxa de actividade masculina foi de 60,65%, mentres que a feminina foi de 49,01%; isto significa que a taxa masculina foi 11,64 puntos por riba da feminina.

  No que atinxe ás diferenzas co conxunto do Estado, vemos como Galicia rexistrou unha taxa de actividade 5,12 puntos por debaixo da estatal.

- **A taxa de paro** (que é o cociente entre o número de parados e o número de activos) aumentou de maneira continuada nos últimos trimestres rexistrando a principios de 2013 unha taxa de 22,35%, e resultando un aumento do paro respecto ao mesmo período do ano anterior de 2,17 puntos.

  Por xénero, a taxa de paro masculina foi semellante a feminina, 22,44% e 22,25%, respectivamente, o que significa que a diferenza foi tan só de 0,19 puntos.

  Se se compara a taxa de paro de Galicia coa nacional, vemos que as cifras saen favorables a nosa comunidade xa que esta acada unha taxa 4,81 puntos por debaixo da estatal.

- **A taxa de ocupación** (que é o cociente entre o número de ocupados e a poboación de 16 e máis anos) de Galicia no primeiro trimestre de 2013 foi de 42,37%. Se a comparamos coa taxa do ano anterior, observamos como a ocupación en Galicia cae en algo menos de dous puntos.

Por sexo, os homes seguen a ser os que rexistran as cifras máis altas, así a taxa de ocupación masculina foi de 47,04%, mentres que a feminina foi de 38,11, habendo unha diferenza de case 9 puntos. No entanto, esta taxa se reduciu en ambos os dous sexos.
Se a comparamos coa taxa estatal esta supera a galega en case un punto.

4.3. Tecido produtivo

- Se nos centramos no tecido produtivo de Galicia, obsérvase que A Coruña e Pontevedra engloban o maior número de autónomos, empresas e tamén traballadores, o cal resulta lóxico dado que son as provincias máis poboadas e con máis dinamismo.

- En canto á evolución do noso tecido empresarial, os datos mostran un comportamento negativo; a afiliación de traballadores e autónomos sofre unha caída continuada ao longo de todo o quinquenio. Mención aparte merecen as empresas, as cales tamén rexistraron un descenso no seu número, agás no último ano onde, pola contra, produciuse un notable aumento. Pero esta subida hai que enmarcala nos cambios producidos na Seguridade Social donde a partir de xaneiro de 2012 o réxime especial de empregados do fogar integrouse no réxime xeral.

- No que se refire á evolución do tecido produtivo por sectores, en xeral a tendencia foi negativa, así o sector primario pese a unha tímida recuperación no ano 2010 e no 2011, o certo é que remata o quinquenio con cifras negativas tanto no número de empresas, de autónomos como de traballadores. A construción segue concentrando as cifras máis elevadas na destrución do tecido empresarial. O sector servizos, que segue a ter o protagonismo, case exclusivo, tamén rexistrou un descenso no número de traballadores e autónomos, en cambio as empresas rexistraron un acusado crecemento no ano 2012; aínda que, como queda dito no parágrafo anterior, neste aumento influíu os cambios efectuados na Seguridade Social.

4.4. Paro rexistrado

- A cifra total de parados rexistrados nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia a 31 de decembro de 2012, ascendía a 278.787 persoas, o que supón que aumentou en 20.553 desempregados, respecto ao ano anterior, o que equivale, en termos relativos a un crecemento de 7,96%.

- Polo que se refire ao sexo, o paro incrementouse máis no colectivo masculino que no feminino; o que posibilitou que se reduciran as distancias entre ambos os dous sexos.

- Por provincias, como era de esperar, foron as atlánticas as que rexistraron as maiores porcentaxes, englobando entre as dúas o 80% do número total de desempregados de Galicia.

- En canto ao comportamento do paro rexistrado ao longo dos doce meses do ano 2012, os datos reflicten que pouca variación houbo respecto aos anos precedentes. No primeiro cuatrimestre produciuse un crecemento dos parados, pero a partir do mes de maio, coincidindo co inicio da temporada estival, a situación invértese reducíndose o desemprego, para volver a medrar cara

ao final do ano. O que nos está a indicar que a estacionalidade no emprego segue a ser a pauta. E isto é así tanto para homes como para as mulleres os cales tiveron un comportamento uniforme coa salvedade do mes de setembro onde o paro masculino descende e o feminino aumenta e no mes de decembro que ocorre xusto o contrario.

- Se nos referimos aos parados por idade e xénero, vemos que o reparto de porcentaxes está moi igualado nas idades centrais, así o tramo de idade entre 26 e 35 anos supoñían o 25,28%; seguido polos que tiñan entre 36 e 45 que aglutinaban o 26,53%. Se sumamos ambos os dous tramos resulta que a metade dos desempregados galegos contaban con unha idade entre 26 e 45 anos.

- Se atendemos á evolución do desemprego por idade, vemos como o panorama xeneralizado foi dun incremento, especialmente nas idades centrais, agás o colectivo de menores de 26 anos, os cales rexistraron un descenso continuo no número de parados dende o ano 2010.

- Ao analizar o desemprego por nivel formativo, vemos que segue a mesma liña que nos anos anteriores, os desempregados concéntranse maioritariamente nas titulacións máis básicas, mentres que os titulados universitarios presentaban unhas cifras de desemprego sensiblemente inferiores. No entanto, foi este colectivo onde máis medrou o paro,en termos relativos, no último quinquenio, acadando a maior variación media anual (16,43%).

- No que atinxe aos parados rexistrados por antigüidade no paro, observamos que o grupo que levaba na procura dun emprego máis de 24 meses supoñían o 24,82% da totalidade, seguido polos que levaban desempregados de 12 a 24 meses, un 19,41%; deste xeito se infire que un de cada dous parados desempregados galegos levaban buscando traballo a lo menos doce meses. Por outra banda, o colectivo que levaba máis de dous anos sen traballar foi o único que sufriu un aumento continuado ao longo dos cinco últimos anos. No entanto, ao grupo que levaba parado entre 12 e 24 meses correspondeulle a maior variación media anual e iso a pesar que no ano 2010 foi o único colectivo que tivo unha lixeira baixada. En cambio, os parados de curta duración (un mes ou menos) foron os únicos que viron reducido as súas cifras de paro.

- No tocante aos desempregados por actividade económica de procedencia, a maioría dos parados concéntranse basicamente no sector servizos, en concreto o 57,44%, seguido da construción co 16,49% e do sector secundario co 14,42%. Por último o sector primario, o de menor importancia, só englobaba o 3,39% da totalidade dos parados.

  Por sexo, case tres de cada catro mulleres desempregadas procedían do sector servizos, mentres que, pola contra, nos sectores da construción e primario apenas tiveron presenza. No caso dos homes a procedencia dos desempregados estivo máis repartida, así o 43,26% procedía dos servizos e o 30,43% da construción.
  En canto á evolución dos parados rexistrados por sector económico, en xeral, houbo un aumento na cifra de desempregados. Se temos en conta o último ano, só no sector primario medrou o paro un 3,87%. Pero se a análise se refire a todo o quinquenio, como era previsible, foi a construción a que saíu máis prexudicada, en termos porcentuais, rematando o quinquenio cunha variación media anual do 14,09%. Nos sectores restantes tamén se incrementou o número de parados pero en proporcións algo máis moderadas.

Por último, o colectivo de desempregados sen emprego anterior destaca porque foi o único que experimentou unha redución importante no número de parados nun -16,39%.

- Se nos referimos aos parados rexistrados por gran grupo de ocupación, as ocupacións englobadas no grupo de "traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores" concentraron o 22,40%, seguido moi de cerca pola "ocupacións elementais" co 20,36%; de modo que solo estes dous grupos acaparan case a metade dos parados galegos.
  Por sexo, a maioría dos desempregados galegos concentrábanse no gran grupo ""artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria) (35,45%), mentres que no caso das mulleres, a maioría das desempregadas encadrábanse no grupo de "traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores", co 35,75%.

- Das dez ocupacións máis demandadas que figuran no informe, cabe dicir que engloban o 36,45%; das cales, a maioría pertencen ao sector servizos.
  Encabeza a listaxe a ocupación "dependentes de comercio, en xeral" englobando o 8,03%.
  Por outra banda, as ocupacións pouco varían respecto aos anos anteriores, polo tanto teñen as mesmas características: son ocupacións relacionadas cunha alta taxa de temporalidade, tamén de precariedade e baixa cualificación. Ademais son marcadamente masculinizadas, caso das ocupacións vinculadas coa construción, ou feminizadas como as relacionadas co comercio. E onde aquelas que contan cun número similar dos dous sexos son as menos.

4.5. Contratos

- O número de contratos rexistrados nas nosas oficinas de emprego ao longo do ano 2012 foi de 662.328, das cales o 51,41% foi contratación masculina mentres que a feminina foi do 48,59%.
  As diferenzas de contratación entre sexos foron acurtándose pero, non tanto porque as mulleres aumentaran a contratación, senón como consecuencia da mingua de contratos no colectivo masculino.
  A porcentaxe de contratos en Galicia supuxo o 4,65% do total da contratación do Estado.
  A contratación reduciuse en Galicia en 9.111 contratos, resultando, en termos relativos, un 1,36% menos.
- Da totalidade da contratación formalizada en Galicia, máis do 80% concentrábase nas provincias da Coruña (42,33%) e de Pontevedra (39,99%).
- Analizando a evolución mensual da contratación ao longo do ano 2012, observamos como o ano arranca cun descenso na actividade contractual, pero a partir de marzo a situación cambia e prodúcese un aumento ata xullo, dándose neste mes o incremento máis acusado; pero cara ao final de ano volve a rexistrarse un descenso no volume de contratos. Así pois, tal e como acontecía na evolución mensual do paro, aquí tamén temos que falar do feito de que o aumento da contratación está relacionada coa temporada de verán.
- En canto á evolución do número de desempregados e de contratados, os datos reflicten unha diminución do desemprego e un aumento da contratación de maio a xullo, pero esta secuencia de baixada de desempregados e subida de contratados non sempre coincide, como por exemplo no mes de agosto onde se rexistra unha redución simultánea de parados e contratados.

- En relación á contratación por idade, o segmento de poboación máis contratado foi o de 26 35 anos, pola contra, as porcentaxes máis baixas da contratación rexistráronse no colectivo de maiores de 55 anos, o cal só aglutinou o 3,82% da contratación total.
  En canto á evolución nos últimos cinco anos, os mozos menores de 26 anos foron os que rexistraron a maior caída no número de contratos, tanto en números absolutos como relativos. Pola contra, os grupos de idade máis avanzada tiveron un crecemento, aínda que moderado, no número de contratos.
- Analizando a contratación por nivel formativo, o comportamento mantense practicamente inalterable respecto ao ano anterior; case a metade da contratación asinouse con traballadores con titulación en ensino obrigatorio, e un cuarto tiña ata certificado de escolaridade; o que demostra que a maioría da contratación se subscribe con persoas de baixa titulación.
  Por sexo, observamos que, a máis titulación hai unha maior presenza feminina, así nos titulados universitarios a cifra de contratos a mulleres case duplica a dos homes.
- No tocante á evolución por nivel formativo, o único colectivo que aumentou a contratación durante o ano 2012 foi o que posuía ata certificado de escolaridade, o que lle permitiu ser, tamén, o único que rematou o quinquenio cunha variación media anual positiva (0,43%). No resto dos colectivos o saldo foi negativo, sendo os contratos con titulación ensino obrigatorio os que obtiveron os datos máis desfavorables.
- De acordo cos datos sobre a contratación por tipoloxía, segue a haber un protagonismo case exclusivo da contratación temporal, o 56,22% corresponde a xornada completa e o 32,28% a tempo parcial. Pola contra, a contratación indefinida apenas supón o 8%.
  Por sexo, existen diferenzas, mentres as mulleres predominan na contratación a tempo parcial, os homes son maioría na contratación a xornada completa, e isto é así, tanto na contratación indefinida como na temporal.
  En canto á evolución da contratación, o dato máis destacable é que a única contratación que medrou no ano 2012 foi a rexistrada a tempo parcial, tanto a indefinida (11,68%), como a temporal (10,70%); no entanto, a única modalidade que remata o quinquenio con cifras positivas foi a temporal a tempo parcial, a cal rexistrou unha variación media anual de 5,02%. En cambio a que experimentou un maior descenso foi a indefinida a xornada completa que rematou o quinquenio cunha variación media anual de -15,40%.
- No que se refire ao índice de rotación, que é a relación entre o número de contratos e o número de persoas contratadas nun período determinado de tempo, podemos concluír que, dado a elevada temporalidade, este índice ademais de ser alto, non deixou de medrar dende o ano 2009; acadando no ano 2012 unha media de 2,32 contratos por cada persoa contratada.
- En relación á mobilidade xeográfica por motivos laborais, a porcentaxe de traballadores que saen da nosa comunidade cara ao resto do Estado superan aos que entran; o que significa que Galicia exporta traballadores; e destes as maiores porcentaxes corresponden aos homes.
- Polo que respecta á contratación por sector de actividade, a meirande parte da contratación rexistrouse no sector servizos, o cal acaparou o 82,55% de toda a contratación. No caso das mulleres este sector aínda foi máis notable xa que englobou o 91,93% da contratación feminina; mentres que pola contra, nos sectores primario e construción apenas si tiveron incidencia.
  En canto á evolución, o único sector que no ano 2012 contou cun comportamento positivo foi o sector servizos cun crecemento de 4.407 contratos (0,81%); sen embargo, este aumento ademais do que rexistrou no ano 2011 (1.660 contratos) foi tan moderado que non impediu que finalizara o quinquenio cunha variación media negativa do -2,76%. No entanto, tal como

vén sucedendo nos últimos anos, volve a ser a construción o sector que máis acusa a perda de contratos rexistrando unha variación media anual negativa de -16,02%.

- En relación aos contratos por gran grupo de ocupación, poucas variacións hai respecto ao ano anterior, seguen a ser os grupos de "Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores" e as "Ocupacións elementais" , os que destacaron concentrando a metade da contratación.
- Se analizamos as dez ocupacións máis contratadas, de novo repítense, na súa maioría, as do ano anterior, polo que contan coas mesmas características.
  Destaca a gran concentración da contratación nunha poucas ocupacións, de modo que case o 50% dos contratos rexistrouse nunha destas dez ocupacións. E encabezando a listaxe, a bastante distancia das demais, atopábase a ocupación de "Camareiros asalariados" correspondéndolle o 13,23% da totalidade da contratación.

4.6. Formación

- Na programación de cursos do ano 2012 para desempregados impartíronse en Galicia 863 cursos.
- No que respecta á distribución de cursos por familia, esta non foi homoxénea, a familia profesional con máis presenza foi a de "servizos socioculturais e á comunidade" cun total de 125 cursos, o que supuxo o 14,48%. O segundo lugar na formación cursada ocupouno "Administración e xestión" con 110 accións formativas (12,75%). Se se suman os cursos de ambas as dúas familias resulta que un de cada 4 cursos impartidos en Galicia estaban comprendidos nestas dúas familias. Polo contrario, houbo outras familias que apenas tiveron presenza na programación de accións formativas, sirva como exemplo "Actividades físicas e deportivas" con 9 cursos impartidos (1,04%); pero incluso houbo outras que nin chegaron ao 1%, como por exemplo "artes e artesanías" que acadou unha porcentaxe de 0,23%.
- Respecto aos cursos impartidos por provincias, as atlánticas, máis poboadas, concentraron o 63,73% de toda a programación, sendo Pontevedra a que maior número de cursos acaparou.
  Pero se analizamos conxuntamente as familias e as provincias, observarmos que hai familias que se priorizan máis nunhas provincias que noutras, así, por exemplo na familia de "Transporte e mantemento de vehículos" Pontevedra foi a que saíu máis beneficiada impartindo o 67% dos cursos desta familia. Mentres que, polo contrario, hai accións formativas que non se programan nas catro provincias, como por exemplo as da familia de "Industrias alimentarias", as cales só se impartiron en Ourense e Pontevedra.
- En relación aos alumnos formados, a cifra foi de 13.336 desempregados, dos cales 6.872 foron mulleres (51,41) e 6.494 homes (48,59%).
- No que se refire aos alumnos formados por familia, resulta lóxico que naquelas familias onde máis cursos se impartiron concentren maior número de alumnos.
- No referido aos alumnos desde a perspectiva de xénero, aprécianse diferenzas dependendo da familia, así, por exemplo nas familias de "Sanidade" ou "Imaxe persoal" hai unha preeminencia absoluta das mulleres, 90,72% e 98,25%, respectivamente; mentres que en "Instalación e mantemento" ou "Enerxía e auga" a súa presenza é moi minoritaria, arredor do 4%. Sen embargo, aquelas familias onde a representación de ambos os dous sexos sexa semellante son as menos.
- O 68,43% do total de alumnos que recibiron este tipo de formación no ano 2012 tiñan unha idade comprendida entre 25 e 45 anos e se lle sumamos os que tiñan menos de 25 anos,

concluímos que tres de cada catro desempregados que cursaron unha acción formativa tiñan menos de 46 anos.

Por sexo, nos tramos de idade dos extremos foi onde mais diferenzas houbo, así nos alumnos menores de 25 anos, participaron máis homes que mulleres; mentres que nos maiores de 45 anos, ocorre xusto o contrario, o número de mulleres foi máis superior ao dos homes.

A Coruña
Lugo
Pontevedra
Ourense

galicia

http://emprego.xunta.es/cualificacions

XUNTA
DE GALICIA